



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 117
24 de maio de 2017

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 409 (10/PNC-000014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel, e doce deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para promover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza de Galicia

[31088](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 6725 (10/PNC-000678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre a consignación polo Goberno galego dunha nova partida orzamentaria para aumentar o persoal do Instituto de Medicina Legal de Galicia que presta servizos nos xulgados galegos, así como a dotación dun psicólogo permanente para asistir as vítimas a cada un dos xulgados con competencias en materia de violencia de xénero

[31088](#)

I 8500 (10/PNC-000897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na xestión da plataforma informática do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, así como os gastos de desprazamento ocasionados ao persoal, a consecuencia do traslado ás novas instalacións da Estrada

[31089](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

I 9276 (10/CPC-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario de En Marea

Do Comité de Empresa de Ferroatlántica-Cee-Dumbría na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo [31100](#)

1.4.3. Interpelacións

I 8993 (10/INT-000379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co fomento do emprego [31101](#)

I 9011 (10/INT-000380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a segregación das actividades de produción de ferroalixes e de enerxía eléctrica [31105](#)

I 9019 (10/INT-000381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a accesibilidade das persoas con discapacidade no transporte ferroviario de viaxeiros en Galicia [31107](#)

I 9023 (10/INT-000382)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade [31110](#)

I 9024 (10/INT-000383)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a aplicación da LOMCE en Galicia no referido ás reválidas da ESO [31113](#)

I 9026 (10/INT-000384)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a aplicación en Galicia das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE [31116](#)

I 9046 (10/INT-000385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores inseridos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar [31119](#)

I 9068 (10/INT-000386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a política do Goberno galego en relación coa vixilancia e control do furtivismo no marisqueo [31121](#)

I 9125 (10/INT-000387)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de loita contra o cambio climático

[31124](#)**I 9126 (10/INT-000388)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de loita contra o cambio climático no ámbito da xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos

[31128](#)**I 9127 (10/INT-000389)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de loita contra o cambio climático no ámbito da promoción da biodiversidade e a ordenación e xestión racional do monte

[31132](#)**I 9195 (10/INT-000390)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón**

Sobre a evolución da economía galega no primeiro trimestre de 2017

[31136](#)**I 9280 (10/INT-000391)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

[31140](#)**I 9295 (10/INT-000392)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do sistema público de pensións

[31144](#)**I 9301 (10/INT-000393)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre a política do Goberno galego para reverter o impacto dos recortes levados a cabo nos servizos públicos básicos

[31149](#)**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****I 9001 (10/POP-001166)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para promover o uso dos selos de calidade e sustentabilidade na pesca

[31153](#)

I 9004 (10/POP-001167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a fase na que se atopa o plan de sinalización e colocación de balizas para reforzar a seguridade marítima dos portos galegos anunciado por Portos de Galicia a finais de 2015 [31155](#)

I 9012 (10/POP-001168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia diante do novo escenario xerado pola solicitude de Ferroa-tlántica a Augas de Galicia da segregación das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande [31157](#)

I 9020 (10/POP-001169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da accesibilidade para as persoas con discapaci-dade no transporte ferroviario de viaxeiros en Galicia [31159](#)

I 9028 (10/POP-001170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posibilidade de garantía polo Goberno galego, logo da reapertura do centro de menores de Montealegre, en Ourense, do carácter público dos servizos que se vaian prestar, así como da súa atención por empregados públicos [31161](#)

I 9030 (10/POP-001171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a reapertura do centro de menores de Montea-legre, en Ourense [31163](#)

I 9040 (10/POP-001172)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da información facilitada aos centros para a preparación, no curso 2016-2017, das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade previstas na LOMCE [31165](#)

I 9041 (10/POP-001173)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do prazo no que se comunicou a realización, no curso 2016-2017, das probas das reválidas da ESO previstas na LOMCE [31167](#)

I 9042 (10/POP-001174)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do prazo no que se comunicou a realización, no curso 2016-2017, das probas das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE [31169](#)

I 9047 (10/POP-001175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da introdución de modificacións no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar para incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores [31171](#)

I 9063 (10/POP-001176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en pleno funcionamento do novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos da Coruña [31173](#)

I 9069 - 9330 (10/POP-001177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do investimento realizado na contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo [31175](#)

I 9113 (10/POP-001178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa celebración no ano 2017 da quinta edición do *Job day*, da euronrexión Galicia-Norte de Portugal, co obxectivo de fomentar o emprego e a co-operación transfronteiriza entre as empresas do sector das TIC [31180](#)

I 9114 (10/POP-001179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre as expectativas do Goberno galego respecto do desenvolvemento da eurocidade Monçao-Salvaterra de Miño [31182](#)

I 9116 (10/POP-001180)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios obtidos por Abanca no exercicio 2016 [31184](#)

I 9135 (10/POP-001181)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia en relación co resto das comunidades autónomas no referido á incidencia da carestía da vida [31187](#)

I 9139 (10/POP-001182)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para combater a crecente carestía da vida en Galicia que está a deteriorar a renda real dispoñible das persoas

[31189](#)**I 9178 (10/POP-001183)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgún tipo de estudo en relación co impacto, nas enerxías renovables de Galicia, da poxa convocada para o 17 de maio de 2017, para a asignación do réxime retributivo específico ás novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables

[31191](#)**I 9187 (10/POP-001184)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a visita programada da Garda Real a varias localidades da provincia de Ourense para desenvolver diversas actividades e exhibicións

[31194](#)**I 9193 (10/POP-001185)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para garantir o uso normalizado da lingua galega na declaración da renda para o ano 2016 e futuros anos

[31197](#)**I 9202 (10/POP-001186)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias que xera nas vías de acceso á explotación do percebe o marco legal en materia de determinación das condicións de mal tempo

[31200](#)**I 9207 (10/POP-001187)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime de visitas públicas gratuítas ao pazo de Meirás no mes de agosto

[31202](#)**I 9238 (10/POP-001189)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria

[31204](#)

I 9239 (10/POP-001190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[31208](#)

I 9242 (10/POP-001191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da xestión da apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense

[31210](#)

I 9249 (10/POP-001192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis

Sobre as medidas de prevención e de extinción de incendios forestais postas en marcha polo Goberno galego durante o inverno-primavera 2016-2017

[31212](#)

I 9255 (10/POP-001193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta

[31214](#)

I 9256 (10/POP-001194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o protocolo de actuación que se está a levar a cabo na recollida da pataca afectada pola couza guatemalteca

[31217](#)

I 9257 (10/POP-001195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo desde o ano 2010 ata o 16 de maio de 2017 en relación co anuncio de investimento de 15,3 millóns de euros para mellorar a captación de auga no río Ulla e cubrir o abastecemento nas comarcas do Sar, Barbanza e Ulla

[31219](#)

I 9274 (10/POP-001196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as condicións da concesión de permiso pola Xunta de Galicia a unha empresa para a almacenaxe e o tratamento de pneumáticos na parroquia de Lendo, no concello da Laracha

[31221](#)

I 9275 (10/POP-001197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a recepción pola Xunta de Galicia dalgunha compensación económica dos propietarios dunha parcela da parroquia de Lendo, no concello da Laracha, pola retirada actual dos pneumáticos depositados nela [31224](#)

I 9298 (10/POP-001198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das pensións en Galicia [31227](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

I 9311 (10/PUP-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o impacto, no ámbito da Xunta de Galicia, do ciberataque ocorrido o 12 de maio de 2017 mediante a propagación do *ransomware* denominado *WannaCry* [31231](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

I 7479 - 422 (10/PRE-000012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra, a dispoñibilidade dun plan director e dun plan funcional para este proxecto, así como os modelos de financiamento e de xestión previstos e a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2016 [31233](#)

I 7484 - 2493 (10/PRE-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas, así como sobre o número de centros que escolleron a materia de igualdade de xénero no presente curso e de alumnos e alumnas que a están cursando [31234](#)

I 7478 - 420 (10/PRE-000170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra [31235](#)

I 7481 - 917 (10/PRE-000204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas e os programas específicos que vai desenvolver o Goberno galego para previr a violencia de xénero entre a mocidade [31236](#)

I 7480 - 916 (10/PRE-000463)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis**

Sobre as medidas e os programas específicos previstos polo Goberno galego para previr a violencia de xénero, en particular entre a mocidade, así como a dispoñibilidade dalgún plan para visibilizar e sensibilizar o conxunto da sociedade ao respecto

[31237](#)**I 7482 - 757 (10/PRE-000620)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e 5 máis**

Sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017

[31238](#)**I 7485 - 4687 (10/PRE-000750)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre os informes da Xunta de Galicia en relación co número real de galegos residentes no Reino Unido, as medidas previstas para coñecer a súa situación administrativa nese país e as actuacións que vai levar a cabo para mitigar as consecuencias da negociación do Brexit para eles, así como a defensa despois del do mantemento dos seus dereitos laborais

[31239](#)**I 7920 - 4716 (10/PRE-000754)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da decisión do Goberno portugués de promover un macropolígono industrial entre Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira para captar máis empresas relacionadas co sector do automóbil, as medidas impulsadas para evitar a súa crecente deslocalización cara Portugal e as previstas para facer competitivo o chan industrial de Galicia

[31241](#)**I 7477 - 5176 (10/PRE-000786)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o inicio e estado de tramitación do expediente para a declaración da ponte de Pontevea como ben de interese cultural ou, se é o caso, as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

[31243](#)**I 7476 - 5281 (10/PRE-000793)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 3 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación coa restauración do mosteiro de Santa María a Real de Oia, a súa opinión en relación co seu carácter estratéxico na promoción do Camiño de Santiago portugués pola costa e as xestións realizadas para favorecer a súa recuperación patrimonial

[31244](#)**I 7922 - 5334 (10/PRE-000801)****Grupo Parlamentario de En Marea**

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a elección dunha canción de reguetón para o baile do festival do Entroido do alumnado de 1º do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, no concello de Teo, e a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar as actividades con contido claramente machista nos centros de ensino de Galicia, así como a existencia dalgún protocolo ao respecto [31246](#)

I 7921 - 5388 (10/PRE-000812)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do servizo de pediatria no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana [31249](#)

I 7776 - 5479 (10/PRE-000823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a licitación dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia [31252](#)

I 7483 - 6032 (10/PRE-000889)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da dotación dun orzamento concreto e diferenciado en cada curso escolar para o desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o cumprimento dos seus obxectivos nas medidas formuladas en relación coa elaboración de materiais, asesoramento e orientación, así como a súa valoración referida ao desenvolvemento do seu contido no tocante á formación do profesorado [31255](#)

I 7919 - 6631 (10/PRE-000948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os impedimentos existentes e o prazo fixado polo Goberno galego para a posta en servizo do último tramo da vía Ártabra que dá acceso ao porto de Lorbé, así como as súas previsións respecto da realización das obras necesarias para lles posibilitar aos veciños o acceso a pé aos diversos puntos da súa localidade sen teren que cruzar o novo vial [31256](#)

I 7916 - 6845 (10/PRE-000967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran [31258](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 19 de maio de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 409 (10/PNC-000014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel, e doce deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para promover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza de Galicia BOPG nº 6, do 03.11.2016

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 9294) e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza en demanda de:

1º. Cesión dos códigos fonte do sistema de xestión procesual que permitan, se é tecnicamente posible, xerar una versión da aplicación en galego que permita tramitar íntegramente nesta lingua os procedementos xudiciais.

2º. Que no futuro as solucións tecnolóxicas que se están a desenvolver no eido da xustiza dixital e susceptibles de transferencia tecnolóxica recollan solucións multilinguaxe que garantan un expediente xudicial e fiscal electrónico respectuoso con dereitos lingüísticos da cidadanía e da plena convivencia da cooficialidade lingüística.»

Rexeitamento da iniciativa

- 6725 (10/PNC-000678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre a consignación polo Goberno galego dunha nova partida orzamentaria para aumentar o persoal do Instituto de Medicina Legal de Galicia que presta servizos nos xulgados galegos, así como

a dotación dun psicólogo permanente para asistir as vítimas a cada un dos xulgados con competencias en materia de violencia de xénero

BOPG nº 87, do 22.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 8500 (10/PNC-000897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na xestión da plataforma informática do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, así como os gastos de desprazamento ocasionados ao persoal, a consecuencia do traslado ás novas instalacións da Estrada

BOPG nº 112, do 10.05.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 22 de maio de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación á Mesa da Comisión e publicación

- 9276 (10/CPC-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario de En Marea

Do Comité de Empresa de Ferroatlántica-Cee-Dumbría na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 8993 (10/INT-000379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co fomento do emprego

- 9011 (10/INT-000380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a segregación das actividades de produción de ferroalixes e de enerxía eléctrica

- 9019 (10/INT-000381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a accesibilidade das persoas con discapacidade no transporte ferroviario de viaxeiros en Galicia

- 9023 (10/INT-000382)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

- 9024 (10/INT-000383)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a aplicación da LOMCE en Galicia no referido ás reválidas da ESO

- 9026 (10/INT-000384)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a aplicación en Galicia das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE

- 9046 (10/INT-000385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores inseridos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar

- 9068 (10/INT-000386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a política do Goberno galego en relación coa vixilancia e control do furtivismo no marisqueo

- 9125 (10/INT-000387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de loita contra o cambio climático

- 9126 (10/INT-000388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de loita contra o cambio climático no ámbito da xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos

- 9127 (10/INT-000389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de loita contra o cambio climático no ámbito da promoción da biodiversidade e a ordenación e xestión racional do monte

- 9195 (10/INT-000390)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón

Sobre a evolución da economía galega no primeiro trimestre de 2017

- 9280 (10/INT-000391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

- 9295 (10/INT-000392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do sistema público de pensións

- 9301 (10/INT-000393)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego para reverter o impacto dos recortes levados a cabo nos servizos públicos básicos

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 9001 (10/POP-001166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para promover o uso dos selos de calidade e sustentabilidade na pesca

- 9004 (10/POP-001167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a fase na que se atopa o plan de sinalización e colocación de balizas para reforzar a seguridade marítima dos portos galegos anunciado por Portos de Galicia a finais de 2015

- 9012 (10/POP-001168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia diante do novo escenario xerado pola solicitude de Ferroa-tlántica a Augas de Galicia da segregación das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

- 9020 (10/POP-001169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da accesibilidade para as persoas con discapaci-dade no transporte ferroviario de viaxeiros en Galicia

- 9028 (10/POP-001170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posibilidade de garantía polo Goberno galego, logo da reapertura do centro de menores de Montealegre, en Ourense, do carácter público dos servizos que se vaian prestar, así como da súa atención por empregados públicos

- 9030 (10/POP-001171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a reapertura do centro de menores de Montea-legre, en Ourense

- 9040 (10/POP-001172)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da información facilitada aos centros para a preparación, no curso 2016-2017, das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade previstas na LOMCE

- 9041 (10/POP-001173)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do prazo no que se comunicou a realización, no curso 2016-2017, das probas das reválidas da ESO previstas na LOMCE

- 9042 (10/POP-001174)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do prazo no que se comunicou a realización, no curso 2016-2017, das probas das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE

- 9047 (10/POP-001175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da introdución de modificacións no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar para incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores

- 9063 (10/POP-001176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en pleno funcionamento do novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos da Coruña

- 9069 – 9330 (10/POP-001177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do investimento realizado na contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 9330.

- 9113 (10/POP-001178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa celebración no ano 2017 da quinta edición do *Job day*, da euronrexión Galicia-Norte de Portugal, co obxectivo de fomentar o emprego e a cooperación transfronteiriza entre as empresas do sector das TIC

- 9114 (10/POP-001179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre as expectativas do Goberno galego respecto do desenvolvemento da eurocidade Monçao-Salvaterra de Miño

- 9116 (10/POP-001180)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios obtidos por Abanca no exercicio 2016

- 9135 (10/POP-001181)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia en relación co resto das comunidades autónomas no referido á incidencia da carestía da vida

- 9139 (10/POP-001182)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para combater a crecente carestía da vida en Galicia que está a deteriorar a renda real dispoñible das persoas

- 9178 (10/POP-001183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgún tipo de estudo en relación co impacto, nas enerxías renovables de Galicia, da poxa convocada para o 17 de maio de 2017, para a asignación do réxime retributivo específico ás novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables

- 9187 (10/POP-001184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a visita programada da Garda Real a varias localidades da provincia de Ourense para desenvolver diversas actividades e exhibicións

- 9193 (10/POP-001185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para garantir o uso normalizado da lingua galega na declaración da renda para o ano 2016 e futuros anos

- 9202 (10/POP-001186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias que xera nas vías de acceso á explotación do percebe o marco legal en materia de determinación das condicións de mal tempo

- 9207 (10/POP-001187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime de visitas públicas gratuítas ao pazo de Meirás no mes de agosto

- 9238 (10/POP-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria

- 9239 (10/POP-001190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 9242 (10/POP-001191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da xestión da apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense

- 9249 (10/POP-001192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis

Sobre as medidas de prevención e de extinción de incendios forestais postas en marcha polo Goberno galego durante o inverno-primavera 2016-2017

- 9255 (10/POP-001193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta

- 9256 (10/POP-001194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o protocolo de actuación que se está a levar a cabo na recollida da pataca afectada pola couza guatemalteca

- 9257 (10/POP-001195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo desde o ano 2010 ata o 16 de maio de 2017 en relación co anuncio de investimento de 15,3 millóns de euros para mellorar a captación de auga no río Ulla e cubrir o abastecemento nas comarcas do Sar, Barbanza e Ulla

- 9274 (10/POP-001196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as condicións da concesión de permiso pola Xunta de Galicia a unha empresa para a almacenaxe e o tratamento de pneumáticos na parroquia de Lendo, no concello da Laracha

- 9275 (10/POP-001197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a recepción pola Xunta de Galicia dalgunha compensación económica dos propietarios dunha parcela da parroquia de Lendo, no concello da Laracha, pola retirada actual dos pneumáticos depositados nela

- 9298 (10/POP-001198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das pensións en Galicia

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 9311 (10/PUP-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o impacto, no ámbito da Xunta de Galicia, do ciberataque ocorrido o 12 de maio de 2017 mediante a propagación do *ransomware* denominado *WannaCry*

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 18 de abril de 2017, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 7479 - 422 (10/PRE-000012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra, a dispoñibilidade dun plan director e dun plan funcional para este proxecto, así como os modelos de financiamento e de xestión previstos e a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2016

BOPG nº 6, do 03.11.2016

- 7484 - 2493 (10/PRE-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas, así como sobre o número de centros que escolleron a materia de igualdade de xénero no presente curso e de alumnos e alumnas que a están cursando

BOPG nº 44, do 13.01.2017

- 7478 - 420 (10/PRE-000170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra
BOPG nº 6, do 03.11.2016

- 7481 - 917 (10/PRE-000204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas e os programas específicos que vai desenvolver o Goberno galego para previr a violencia de xénero entre a mocidade

BOPG nº 15, do 16.11.2016

- 7480 - 916 (10/PRE-000463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas e os programas específicos previstos polo Goberno galego para previr a violencia de xénero, en particular entre a mocidade, así como a dispoñibilidade dalgún plan para visibilizar e sensibilizar o conxunto da sociedade ao respecto

BOPG nº 16, do 17.11.2016

- 7482 - 757 (10/PRE-000620)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 11, do 10.11.2016

- 7485 - 4687 (10/PRE-000750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os informes da Xunta de Galicia en relación co número real de galegos residentes no Reino Unido, as medidas previstas para coñecer a súa situación administrativa nese país e as actuacións que vai levar a cabo para mitigar as consecuencias da negociación do Brexit para eles, así como a defensa despois del do mantemento dos seus dereitos laborais

BOPG nº 68, do 17.02.2017

- 7920 - 4716 (10/PRE-000754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da decisión do Goberno portugués de promover un macropolígono industrial entre Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira para captar máis empresas relacionadas co sector do automóbil, as medidas impulsadas para evitar a súa crecente deslocalización cara Portugal e as previstas para facer competitivo o chan industrial de Galicia

BOPG nº 68, do 17.02.2017

- 7477 - 5176 (10/PRE-000786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o inicio e estado de tramitación do expediente para a declaración da ponte de Pontevea como ben de interese cultural ou, se é o caso, as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 71, do 22.02.2017

- 7476 - 5281 (10/PRE-000793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación coa restauración do mosteiro de Santa María a Real de Oia, a súa opinión en relación co seu carácter estratéxico na promoción do Camiño de Santiago portugués pola costa e as xestións realizadas para favorecer a súa recuperación patrimonial

BOPG nº 71, do 22.02.2017

- 7922 - 5334 (10/PRE-000801)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a elección dunha canción de reguetón para o baile do festival do Entroido do alumnado de 1º do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, no concello de Teo, e a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar as actividades con contido claramente machista nos centros de ensino de Galicia, así como a existencia dalgún protocolo ao respecto

BOPG nº 76, do 02.03.2017

- 7921 - 5388 (10/PRE-000812)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do servizo de pediatría no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana

BOPG nº 76, do 02.03.2017

- 7776 - 5479 (10/PRE-000823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a licitación dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia

BOPG nº 76, do 02.03.2017

- 7483 - 6032 (10/PRE-000889)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da dotación dun orzamento concreto e diferenciado en cada curso escolar para o desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o cumprimento dos seus obxectivos nas medidas formuladas en relación coa elaboración de materiais, asesoramento e orientación, así como a súa valoración referida ao desenvolvemento do seu contido no tocante á formación do profesorado

BOPG nº 85, do 17.03.2017

- 7919 - 6631 (10/PRE-000948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os impedimentos existentes e o prazo fixado polo Goberno galego para a posta en servizo do último tramo da vía Ártabra que dá acceso ao porto de Lorbé, así como as súas previsións respecto da realización das obras necesarias para lles posibilitar aos veciños o acceso a pé aos diversos puntos da súa localidade sen teren que cruzar o novo vial

BOPG nº 87, do 22.03.2017

- 7916 - 6845 (10/PRE-000967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran

BOPG nº 93, do 30.03.2017

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

Os Grupos Parlamentares do **Bloque Nacionalista Galego** e de **En Marea**, ao abeiro do disposto nos artigos 44.1.3º) e 98 do Regulamento da Cámara, **solicitan a comparecencia urxente** do comité de empresa de Ferroatlantica-Cee-Dumbria na Comisión 6ª.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Luis Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/05/2017 11:46:09

Luis Villares Naveira na data 18/05/2017 11:49:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8993
Data envío: 11/05/2017 18:33:22.187

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao baixo nivel de execución orzamentaria en materia de emprego e as medidas a tomar para incrementala.

Nos últimos anos é unha constante a baixa execución da Xunta de Galiza a respecto dos programas ligados ao fomento do emprego. Trátase dunha eiva que, lonxe de corrixirse, estase a intensificar ano tras ano. O “Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2016” amósanos que o grado de execución dos orzamentos dese ano foi do 96,6%. Porén, realizando un estudo pormenorizado do grao de execución, observamos como algunhas consellerías, áreas ou programas presentan unha moi baixa execución, lastrando así o cumprimento dos seus obxectivos.

Neste sentido, é precisamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria a que, con diferenza, menor grado de execución presenta, xa que executa un escasísimo 69,2% do orzamentado. Son case 20 punto menos que a seguinte consellería que menor execución presenta, que é a do Medio Rural e amosa un grado de execución do 88,3%.

Dentro da baixa execución da Consellería destacan especialmente os programas ligados ao fomento do emprego. Ven sendo unha constante nos últimos anos a baixa execución destes programa, porén, no 2016, acentúase este problema, xa que polo xeral presentan un grado de execución moito menor ao do 2015, e estes á súa vez xa presentaban unha execución menor con respecto ao 2014. Así, existen graos de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8993

Data envío: 11/05/2017 18:33:22.187

execución realmente exiguos, como o relativo ao programa de intermediación e inserción laboral, cun 5,9%, ou a formación profesional de ocupados, cun 17%, xunto con outros graos de execución tamén preocupantes: a mellora e fomento da empregabilidade executou o 54,7% do seu orzamento, a formación profesional de desempregados un 55,7%, ou a promoción económica e social cun 52,1%.

Polo tanto, os datos de execución para o ano 2016 amosan unha deficiente práctica e xestión orzamentaria. Resulta evidente que ante tan baixos grados de execución orzamentaria dificilmente se puido conseguir os obxectivos de fomento do emprego, inserción laboral, formación, etc. contemplados nestes programas. A evolución recente do desemprego confírmalo, xa que segundo datos da EPA, no primeiro trimestre do ano o desemprego incrementouse en Galiza en 12.900 persoas. O desemprego neste trimestre incrementouse en Galiza un 6,3%, unha intensidade moito máis forte que a do conxunto do estado español, onde o crecemento do desemprego foi do 0,4%.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte Interpelación:

-Considera a Xunta de Galiza que o grao de execución dos citados programas correspóndese cunha boa práctica e xestión orzamentaria?

-A que cree a Xunta de Galiza que é debido o nivel tan baixo de execución dos programas citados?

-Cree a Xunta de Galiza que os programas que amosan baixos graos de execución acadaron o obxectivo político que tiñan asignado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8993
Data envío: 11/05/2017 18:33:22.187

-Considera a Xunta de Galiza que existe relación entre a baixa execución dos programas ligados ao fomento do emprego en 2016 e os malos datos de emprego no primeiro trimestre de 2017?

-A que razón atribúe a Xunta de Galiza que a Consellería de Economía, Emprego e Industria sexa, con diferenza, a consellería que menor porcentaxe do seu orzamento executa?

-Considera a Xunta de Galiza que a baixa execución dos programas ligados ao fomento do emprego é debida a unha orzamentación demasiado elevada?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2017 18:32:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 09:30
Nº Rexistro: 8993

Data envío: 11/05/2017 18:33:22.187

Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2017 18:32:48

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2017 18:32:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2017 18:33:01

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2017 18:33:06

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2017 18:33:09

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 11 de maio fíxose público que Ferroatlántica iniciou os trámites necesarios para levar a cabo a venda das centrais dos ríos Xallas e Grande. Para elo, solicitou formalmente ao organismo Augas de Galicia que, elimine a prohibición de segregación das actividades de produción de ferroaleacións e de enerxía eléctrica.

Ata agora, a Xunta de Galicia, a través do seu presidente ou ben a través do conselleiro de Industria, escudábase en que non tiña coñecemento formal da venda das centrais por parte da propiedade. En base a elo, nunca manifestou que posición ía manter neste proceso.

Agora a intención de vender é xa coñecida publicamente pola Xunta de Galicia.

Ante tales feitos, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal é a estratexia da Xunta de Galicia fronte ás intencións, xa manifestadas, e presentadas formalmente ante Augas de Galicia, da empresa Ferroatlántica de tentar vender as súas centrais hidroeléctricas?

2ª) Vai manter o presidente da Xunta de Galicia unha xuntanza, tal e como comprometeu, cos alcaldes da Costa da Morte, ante o novo escenario que se abre como consecuencia da solicitude formal de Ferroatlántica a Augas de Galicia de segregación das centrais?

3ª) En caso positivo, cando?

4ª) Vai manter o Goberno galego unha xuntanza, cos/coas traballadores/as, tal e como comprometeu, de Ferroatlántica, ante o novo escenario que se

 Grupo Parlamentario

abre como consecuencia da solicitude formal de Ferroatlántica a Augas de Galicia de segregación das centrais?

5ª) Considera a Xunta de Galicia que está a cumprir as expectativas dos/das traballadores/as e da sociedade da comarca en canto á transparencia do proceso?

6ª) Mantivo o Goberno galego algún contacto coa representación da propiedade de Ferroatlántica previa a presentación da solicitude formal de segregación das centrais a Augas de Galicia?

7ª) Mantivo o Goberno galego algún contacto coa representación da propiedade de Ferroatlántica posterior a presentación da solicitude formal de segregación das centrais a Augas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2017

Asdo.: María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 11:12:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2017 11:12:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/05/2017 11:12:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/05/2017 11:12:58

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Convención Internacional sobre os dereitos con discapacidade, aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, supón a consagración do enfoque de dereitos das persoas con discapacidade, de modo que considera ás persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos e que os poderes públicos están obrigados a garantir que o exercicio deses dereitos sexa pleno e efectivo.

Este grupo parlamentario recibiu numerosas queixas de colectivos afectados e persoas a título individual de que a día de hoxe en Galicia seguen existindo importantes limitacións de accesibilidade para as persoas con discapacidade, ou con mobilidade reducida para acceder aos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros en adecuadas condicións de calidade e seguridade.

En España dítase o *Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social*, que prevé no seu artigo 27 que:

"I. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos medios de transporte serán esixibles nos prazos e termos establecidos regulamentariamente.

Non obstante, as condicións previstas no parágrafo anterior serán esixibles para todas as infraestruturas e material de transporte, de acordo coas condicións e prazos máximos previstos na disposición adicional terceira, I.

II. No prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei, o Goberno deberá realizar os estudos integrais sobre a accesibilidade aos diferentes medios de transporte, no que se considere máis relevante dende o punto de vista da non discriminación e da accesibilidade."

Estando próximo o vencemento deste prazo máximo de esixibilidade das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos medios de transportes ferroviarios, non temos constancia de que en Galicia se realizaran estudos integrais de accesibilidade no transporte ferroviario, o que provoca que se cronifiquen as dificultades de mobilidade e seguridade, ademais de xerar incerteza nos colectivos de persoas con discapacidade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da accesibilidade para as persoas con discapacidade no transporte ferroviario da nosa comunidade?
2. Coñece o Goberno galego os problemas de accesibilidade para as persoas con discapacidade no transporte ferroviario da nosa comunidade?
3. En caso afirmativo, reclamou a Xunta de Galicia ao Goberno de España a realización dun estudo integral de accesibilidade no transporte ferroviario da nosa comunidade?
4. Cantas reclamacións relacionadas coa accesibilidade no transporte ferroviario recibiu o Goberno galego nos derradeiros catro anos?
5. Que melloras lle constan á Xunta de Galicia que realizou o Goberno de España a respecto da accesibilidade no transporte ferroviario da nosa comunidade, dende a entrada en vigor do *Real decreto lexislativo 1/2013, de o 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social* ?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 12:44:22

Raúl Fernández Fernández na data 12/05/2017 12:44:29

María Luisa Pierres López na data 12/05/2017 12:44:36

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 12:44:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a aplicación das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade no presente curso 2016-2017.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inxenuidade e a incerteza. Meses de auténtico calvario educativo, tal e como recolleu nun titular La Voz de Galicia. Un auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas. Que o goberno teimara en substituír as PAU sen ter previamente definido un modelo alternativo, supuxo unha enorme irresponsabilidade cuxas consecuencias padece toda a comunidade educativa diariamente.

A piques de rematar o curso, apenas dous meses antes, a Consellería de Educación publicou no DOG a *RESOLUCIÓN conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18* na que fai públicas as



datas das probas así como os contidos da mesma. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Deste xeito, o profesorado denuncia ter unha información claramente insuficiente ao non poder contar con máis dun modelo de exame por cada materia.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) Considera adecuado a Consellería o prazo no que se comunicou a realización das probas?
- 2.) Considera suficiente a información da que dispoñen nos centros para a preparación das mesmas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/05/2017 13:05:05



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/05/2017 13:05:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a aplicación das reválidas da ESO no presente curso 2016-2017.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que, lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inquedanza e a incerteza. Auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas, que de ser obrigatorias, de titulación e para todo o alumnado, foise rebaixando de contido ata acabar sendo diagnóstica e mostral.

A piques de rematar o curso, apenas só un mes antes, a Consellería de Educación saca a resolución do 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2016- 17 na que fai públicas as datas das probas, 23 e 24 de maio, con menos de dúas semanas de antelación. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Nin no que atinxe ao formato nin aos contidos específicos.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:



1. Considera adecuado a Consellería o prazo no que se comunica a realización das probas?
2. Cando ten pensado o goberno comunicarse cos centros para informalos dos contidos e formato das probas?
3. Se a LOMCE contempla como unha das competencias clave a Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía, porque a Consellería segue a valorar só unha parte desa competencia, a matemática?
4. Por que, a día de hoxe, non contestaron aos centros que comunicaron a imposibilidade para efectuar as probas nas datas que establece a orde?
5. Cal é o custo previsto da realización destas probas?
6. Cales foron os criterios de selección dos centros?
7. Que supón a consellería que fai o profesorado dos centros no proceso educativo no que participa ao longo de todo o curso escolar, cando na resolución formula que a finalidade da proba é comprobar o grao de adquisición de 2 competencias? Pensa a consellería que o profesorado non é competente para realizar esa tarefa que, entre outras, ten asignada?
8. Se no proceso de avaliación das competencias interveñen múltiples factores e os centros teñen autonomía para a elección dos instrumentos de avaliación a utilizar (decreto 105/2014 de 4 de setembro), porque se decide poñer de novo ao alumnado galego nunha situación de estrés cunha proba descontextualizada e allea ao que ten que ser o día a día nun centro educativo de calidade?
9. Porque a Consellería minusvalora o traballo dos departamentos de orientación dos centros educativos que participan, xunto co profesorado e a comunidade educativa na detección das dificultades de aprendizaxe?
10. Está a Consellería tendo realmente en conta e poñendo en valor a atención á diversidade e o alumnado con necesidades educativas especiais cando formula, nas resolucións que vén de publicar, que este alumnado ten que realizar a mesma proba, pero que os seus resultados non computan para o cálculo de datos globais?



11. É consciente a Consellería do incremento da carga de traballo nos centros educativos nunhas datas que xa están de por si cargadas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/05/2017 13:09:27

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/05/2017 13:09:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a aplicación das reválidas en educación primaria no presente curso 2016-2017.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inquedanza e a incerteza. Auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas, que de ser obrigatorias, de titulación e para todo o alumnado, foise rebaixando de contido ata acabar sendo diagnóstica e mostral. A piques de rematar o curso, apenas só un mes antes, a Consellería de Educación saca a resolución RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2016- 17 na que fai públicas as datas das probas, 23 e 24 de maio, con menos de dúas semanas de antelación. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Nin no que atinxe ao formato nin aos contidos específicos.



Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) Considera adecuado a Consellería o prazo no que se comunica a realización das probas?
- 2.) Cando ten pensado o goberno comunicarse cos centros para informalos dos contidos e formato das probas?
- 3.) Se a LOMCE contempla como unha das competencias clave a Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía, porque a consellería segue a valorar so unha parte desa competencia, a matemática?
- 4.) Por que, a día de hoxe, non contestaron aos centros que comunicaron a imposibilidade para efectuar as probas nas datas que establece a orde?
- 5.) Cal é o custo previsto da realización destas probas?
- 6.) Cales foron os criterios de selección dos centros?
- 7.) Que supón a Consellería que fai o profesorado dos centros no proceso educativo no que participa ao longo de todo o curso escolar, cando na resolución formula que a finalidade da proba é comprobar o grao de adquisición de 2 competencias? Pensa a consellería que o profesorado non é competente para realizar esa tarefa que, entre outras, ten asignada?
- 8.) Se no proceso de avaliación das competencias interveñen múltiples factores e os centros teñen autonomía para a elección dos instrumentos de avaliación a utilizar (decreto 105/2014 de 4 de setembro), porque se decide poñer de novo ao alumnado galego nunha situación de estrés cunha proba descontextualizada e allea ao que ten que ser o día a día nun centro educativo de calidade?
- 9.) Por que a Consellería minusvalora o traballo dos departamentos de orientación dos centros educativos que participan, xunto co profesorado e a comunidade educativa na detección das dificultades de aprendizaxe?
- 10.) Está a consellería tendo realmente en conta e poñendo en valor a atención á diversidade e o alumnado con necesidades educativas especiais cando formula nas resolucións que ven de publicar que este alumnado ten que realizar a mesma



proba, pero que os seus resultados non computan para o cálculo de datos globais?

11.) É consciente a consellería do incremento da carga de traballo nos centros educativos nunhas datas que xa están de por si cargadas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/05/2017 13:10:54

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/05/2017 13:11:02

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os/as mariscadores/as, percebeiros/as e recolledores/as de algas son un colectivo incluído no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar (RETM) como traballadores por conta propia (BOE 22 de outubro de 2015).

A efectos da cotización e posterior xubilación, este sector vese afectado por un coeficiente redutor de 0,10. Este coeficiente vén sendo un obxecto de debate por parte dos/as traballadores/as do marisqueo e derivados, pois se realiza un efecto comparativo con outros colectivos afectados por outros factores redutores, como outros/as traballadores/as en embarcacións de pesca ou da Mariña Mercante, que poden chegar ao 0,40.

O Real decreto 1561/1995 do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales establece unha serie de criterios para delimitar cales son os traballos excepcionalmente penosos, perigosos, insalubres ou tóxicos. Nesta liña, o traballo de extracción de marisco padece condicións laborais difíciles, sometido a humidade e permanencia na auga durante horas, castigando o corpo no traballo esforzado de recollida e baixo condicións climatolóxicas difíciles en moitos dos casos, o que se alíña co sinalado no dito real decreto como *exposición a frío*, ou *exposición a excesiva carga física*. É por isto que a consideración de penosidade deste labor está máis que xustificada, e polo que o coeficiente corrector pode ser considerado menor do merecido.

O colectivo de mariscadores/as diminuíu en grande número nos últimos tempos, reducíndose de aproximadamente 6500 ata menos de 4000 nos últimos 15 anos, o que amosa un problema estrutural relacionado coa calidade e a produtividade do traballo no mar. Non entanto é imprescindible garantir as mellores condicións posibles para garantir a continuidade dun sector fundamental para a eido económico de Galicia, tanto de maneira directa como indirecta.

 Grupo Parlamentario

Pola consideración dunha necesidade de establecer un sistema equilibrado no que corresponde á seguridade social, e ponderar esta necesidade co recoñecemento da penosidade do traballo do apromarisqueo, é preciso revisar o modelo no que afecta a este sector.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno de Galicia traballar para solicitar ao Goberno de España a modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor dos/as mariscadores/as?
2. Considera o Goberno de Galicia que está suficientemente recoñecida a penosidade do traballo que realizan os/as mariscadores/as?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 13:23:21

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 13:23:33

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 13:23:40

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O furtivismo, en calquera das súas formas e modos, é un dos problemas máis grandes aos que se enfronta o sector do mar en Galicia, especialmente o dedicado ao marisqueo. A existencia de furtivos que extraen e comercializan produto do mar provoca varios problemas que terminan por afectar, de maneira directa ou indirecta, ao traballo desenvolvido legal e disciplinadamente polas persoas que se dedican ao marisqueo.

Un dos problemas obvios é o da sobreexplotación do produto, que provoca graves consecuencias tanto polas cantidades que se perden de maneira directa, como polas dificultades que se producen na rexeneración e mantemento dentro do proceso biolóxico.

Noutro orde de cousas existe un grave problema de saúde pública, pois o produto extraído furtivamente non pasa por controis de calidade ni idoneidade, o que supón un perigo por estar dispoñendo para consumo produtos que poden estar en mal estado.

A cuestión da devaluación dos prezos é tamén relevante, pois a existencia continuada de produto furtivo á venda provoca que os prezos naturais do marisco extraído legalmente, con todos os controis e o paso por depuradora, sexa comparativamente moito maior, o que provoca menor venta pola competencia ilegal que se produce fronte aos furtivos.

En consecuencia de todo isto, o prexuízo na imaxe e calidade do produto é tremendamente relevante, pois pode estar sendo consumido e ata comercializado un produto sen controis de calidade, que é potencialmente perigoso e que está prexudicando ao desenvolvemento natural do propio produto en si no futuro.

Para controlar o furtivismo, e poder garantir un correcto desenvolvemento da actividade marisqueira, os vixiantes son un elemento fundamental no

 Grupo Parlamentario

sector. Non entanto, a pesares da relevancia e necesidade de controlar estas actividades fóra da legalidade, os postos de traballo dos vixiantes son financiados, na maior parte, polas confrarías e non pola Administración autonómica de maneira directa.

Isto provoca que a propia confraría non poida investir en cuestión de outro interese, como avances en estudos e I+D+i para mellorar a produción, en seguridade laboral, en maior formación para mariscadores/as, e en máis medios técnicos para facilitar a labor (seguridade, control, depuración, venda ...).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada interpelan ao Goberno nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego incrementar o investimento, sexa de maneira directa ou indirecta a través das confrarías, en contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo?
2. Ten o Goberno galego un cómputo do número global de vixiantes que traballan en Galicia?
3. Cantos postos de traballo de vixiantes están sendo financiados de maneira completa pola Xunta de Galicia?
4. Cantos están sendo financiados en parte?
5. Considera o Goberno galego que a vixilancia dos bancos marisqueiros é unha responsabilidade das confrarías ou propia da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 17:08:50

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 17:08:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Interpelación.

A loita contra o cambio climático é un dos grandes desafíos do noso tempo. Para combater esta ameaza, é preciso desenvolver unha estratexia política integral e transversal que aposte por transformacións profundas e duradeiras no modelo económico, ambiental e social.

Unha estatexia destas características debe incidir en aspectos que son centrais para combater o deterioro ambiental, preservar os ecosistemas, mellorar a calidade de vida, e promover a actividade económica e o emprego en sectores emerxentes e con grande potencialidade de crecemento.

Desde o punto de vista do BNG é urxente planificar e coordinar as actuacións cando menos nos seguintes ámbitos:

a) Modelo enerxético que favorece e promova as enerxías limpas e renovábeis e que responda as necesidades da sociedade e da economía galega

b) Modelo de mobilidade que prime as formas de mobilidade sustentábel, saudábel e segura: a mobilidade natural, o transporte público e o ferrocarril. No caso do transporte de mercadorías, cómpre facer unha aposta decidida polo ferrocarril.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Modelos urbanos compactos, que primen a cohesión social e a convivencia nos espazos públicos, fomentando o consumo e a residencia de proximidade, e a ubicación racional dos equipamentos e servizos.

d) Modelo de ordenación e xestión do monte que favoreza a multifuncionalidade, a protección dos solos, a conservación da biodiversidade, a eliminación e prohibición das especies exóticas invasoras, e a produción de bens de alto valor engadido.

e) Protección da biodiversidade mediante a ampliación dos espazos naturais protexidos até unha porcentaxe de cando menos o 20% do territorio na actual lexislatura.

f) Un novo modelo de xestión do ciclo da auga, que incida na calidade e dispoñibilidade deste recurso fundamental para a vida e a actividade económica.

g) Un novo modelo de xestión e tratamento dos residuos, tanto no que atinxe aos de orixe industrial, aos procedentes da actividade do sector primario, e aos residuos sólidos urbanos, que prime a redución, a reutilización e a reciclaxe, así como a potenciación do tratamento de proximidade e a compostaxe dos biorresíduos.

h) Desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio e dos usos do solo que teñan en conta as actividades tradicionais e sustentábeis, a cohesión social e o equilibrio territorial, o impacto das infraestruturas, dos equipamentos e dos servizos, e a protección de espazos de alto valor ecolóxico como humidaís e marismas.

Ao mesmo tempo, desde o goberno galego débense promover liñas de actuación política encamiñadas a minimizar o impacto ambiental das actividades industriais e a fomentar hábitos de vida e de consumo que incidan na redución da pegada de carbono e dos gases de efecto invernadoiro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto presentamos a seguinte interpelación:

Que iniciativas adoptou ou prevé adoptar o goberno galego para combater o cambio climático e favorecer modos saudábeis e sustentábeis no ámbito do transporte público e do transporte de mercadorías?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2017 12:49:25

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2017 12:49:32

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2017 12:49:36



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2017 12:49:41

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2017 12:49:46

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2017 12:49:48



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Interpelación.

A loita contra o cambio climático é un dos grandes desafíos do noso tempo. Para combater esta ameaza, é preciso desenvolver unha estratexia política integral e transversal que aposte por transformacións profundas e duradeiras no modelo económico, ambiental e social.

Unha estatexia destas características debe incidir en aspectos que son centrais para combater o deterioro ambiental, preservar os ecosistemas, mellorar a calidade de vida, e promover a actividade económica e o emprego en sectores emerxentes e con grande potencialidade de crecemento.

Desde o punto de vista do BNG é urxente planificar e coordinar as actuacións cando menos nos seguintes ámbitos:

a) Modelo enerxético que favorece e promova as enerxías limpas e renovábeis e que responda as necesidades da sociedade e da economía galega

b) Modelo de mobilidade que prime as formas de mobilidade sustentábel, saudábel e segura: a mobilidade natural, o transporte público e o ferrocarril. No caso do transporte de mercadorías, cómpre facer unha aposta decidida polo ferrocarril.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

c) Modelos urbanos compactos, que primen a cohesión social e a convivencia nos espazos públicos, fomentando o consumo e a residencia de proximidade, e a ubicación racional dos equipamentos e servizos.

d) Modelo de ordenación e xestión do monte que favoreza a multifuncionalidade, a protección dos solos, a conservación da biodiversidade, a eliminación e prohibición das especies exóticas invasoras, e a produción de bens de alto valor engadido.

e) Protección da biodiversidade mediante a ampliación dos espazos naturais protexidos até unha porcentaxe de cando menos o 20% do territorio na actual lexislatura.

f) Un novo modelo de xestión do ciclo da auga, que incida na calidade e dispoñibilidade deste recurso fundamental para a vida e a actividade económica.

g) Un novo modelo de xestión e tratamento dos residuos, tanto no que atinxe aos de orixe industrial, aos procedentes da actividade do sector primario, e aos residuos sólidos urbanos, que prime a redución, a reutilización e a reciclaxe, así como a potenciación do tratamento de proximidade e a compostaxe dos biorresiduos.

h) Desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio e dos usos do solo que teñan en conta as actividades tradicionais e sustentábeis, a cohesión social e o equilibrio territorial, o impacto das infraestruturas, dos equipamentos e dos servizos, e a protección de espazos de alto valor ecolóxico como humidais e marismas.

Ao mesmo tempo, desde o goberno galego débense promover liñas de actuación política encamiñadas a minimizar o impacto ambiental das actividades industriais e a fomentar hábitos de vida e de consumo que incidan na redución da pegada de carbono e dos gases de efecto invernadoiro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formulamos a seguinte interpelación

Que iniciativas adoptou ou prevé adoptar o goberno galego para combater o cambio climático no ámbito da xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2017 12:53:32

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2017 12:53:42

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2017 12:53:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2017 12:53:51



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/05/2017 12:54

Nº Rexistro: 9126

Data envío: 15/05/2017 12:54:20.805

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2017 12:53:54

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2017 12:53:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Interpelación.

A loita contra o cambio climático é un dos grandes desafíos do noso tempo. Para combater esta ameaza, é preciso desenvolver unha estratexia política integral e transversal que aposte por transformacións profundas e duradeiras no modelo económico, ambiental e social.

Unha estratexia destas características debe incidir en aspectos que son centrais para combater o deterioro ambiental, preservar os ecosistemas, mellorar a calidade de vida, e promover a actividade económica e o emprego en sectores emerxentes e con grande potencialidade de crecemento.

Desde o punto de vista do BNG é urxente planificar e coordinar as actuacións cando menos nos seguintes ámbitos:

a) Modelo enerxético que favorece e promova as enerxías limpas e renovábeis e que responda as necesidades da sociedade e da economía galega

b) Modelo de mobilidade que prime as formas de mobilidade sustentábel, saudábel e segura: a mobilidade natural, o transporte público e o ferrocarril. No caso do transporte de mercadorías, cómpre facer unha aposta decidida polo ferrocarril.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Modelos urbanos compactos, que primen a cohesión social e a convivencia nos espazos públicos, fomentando o consumo e a residencia de proximidade, e a ubicación racional dos equipamentos e servizos.

d) Modelo de ordenación e xestión do monte que favoreza a multifuncionalidade, a protección dos solos, a conservación da biodiversidade, a eliminación e prohibición das especies exóticas invasoras, e a produción de bens de alto valor engadido.

e) Protección da biodiversidade mediante a ampliación dos espazos naturais protexidos até unha porcentaxe de cando menos o 20% do territorio na actual lexislatura.

f) Un novo modelo de xestión do ciclo da auga, que incida na calidade e dispoñibilidade deste recurso fundamental para a vida e a actividade económica.

g) Un novo modelo de xestión e tratamento dos residuos, tanto no que atinxe aos de orixe industrial, aos procedentes da actividade do sector primario, e aos residuos sólidos urbanos, que prime a redución, a reutilización e a reciclaxe, así como a potenciación do tratamento de proximidade e a compostaxe dos biorresiduos.

h) Desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio e dos usos do solo que teñan en conta as actividades tradicionais e sustentábeis, a cohesión social e o equilibrio territorial, o impacto das infraestruturas, dos equipamentos e dos servizos, e a protección de espazos de alto valor ecolóxico como humedais e marismas.

Ao mesmo tempo, desde o goberno galego débense promover liñas de actuación política encamiñadas a minimizar o impacto ambiental das actividades industriais e a fomentar hábitos de vida e de consumo que incidan na redución da pegada de carbono e dos gases de efecto invernadoiro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formulase a seguinte interpelación

Que iniciativas adoptou ou prevé adoptar o goberno galego para combater o cambio climático no ámbito da promoción da biodiversidade e a ordenación e xestión racional do monte?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2017 12:58:56

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2017 12:59:02

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2017 12:59:06



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 12:59
Nº Rexistro: 9127

Data envío: 15/05/2017 12:59:33.137

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2017 12:59:08

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2017 12:59:09

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2017 12:59:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O BBVA Reserach ven de publicar un informe sobre as tendencias económicas no primeiro trimestre do 2017 para as diferentes CCAA, titulado “España: Presentación Observatorio regional. Segundo trimestre 2017”.

Os datos indícanos que en Galicia se está intensificando o proceso de terciarización da economía, na que gañan pesos os servizos de baixo valor engadido. Así obsérvase o declive do sector industrial galego, ao mesmo tempo que se da unha evolución positiva do sector turismo.

No informe destácase que Galicia está diverxendo de tendencias favorables que se observan nas CCAA do norte. Por exemplo, cando se analiza o investimento en bens de equipo, a nosa Comunidade Autónoma é a cuarta cunha peor tendencia despois de Canarias e Baleares, dúas CCAA onde as súas economías están baseadas no turismo, e Madrid. Pola contra os nosos veciños do norte son os que presentan unha evolución máis favorable.

Outra das variables que pon de manifesto a tendencia negativa do sector industrial galego é a referente á produción industrial. No primeiro trimestre do 2017 Galicia presenta a peor evolución de entre tódalas CCAA nesta variable. Por outra banda a produtividade aparente no traballo na industria manufactureira mantén no 2014-2015, unha peor evolución que a media española.



Estes datos poñen de manifesto o declive do sector industrial no que se atopa inmerso Galicia, que contrasta co feito de que o peso da industria en Galicia con respecto a España sempre foi superior e mantivo tendencias máis positivas.

Pola contra, o informe do BBVA Research, sinala que estas tendencias negativas son compensadas polo turismo, sector residencial e exportacións de bens para o conxunto do Estado. Cúmprese para Galicia isto?.

En primeiro lugar, o crecemento real das exportacións galegas no primeiro trimestre do 2017, presenta a peor tendencia, de novo, entre tódalas CCAA; soamente Baleares atópase por debaixo.

En segundo lugar a evolución do sector residencial tampouco é positiva. Deste xeito, o crecemento de visados para obra de vivenda presenta a segunda peor evolución de toda España. Soamente Asturias atópase nunha situación peor.

As únicas variables que presentan un comportamento mellor ca media do resto de España, serían a produtividade aparente do traballo no comercio, transporte e hostalería, onde somos a primeira Comunidade Autónoma cunha mellor evolución no I trimestre do 2017 e o crecemento das pernoctacións dos visitantes, onde nos situamos xusto por riba da media española.

Finalmente no documento analizado lévase a cabo unha previsión de escenario para o conxunto 2017 e para o vindeiro ano 2018. Nestas previsións sinálase que o crecemento do PIB de Galicia para estes dous anos sitúase no 2,9% e 2,7%, respectivamente, mentres que en España será do 3% e 2,7%. Tamén se sinala que o crecemento do emprego é do 0,9% no 2017 e do 0,9% no 2018, mentres que para o conxunto do Estado é do 2,6% para os dous anos.

Estes datos son moi negativos para Galicia, xa que amosan que non se está a dar un proceso de converxencia con España.



Resumindo o recollido ata o de agora, poderíase indicar que en Galicia se está producindo unha intensificación do proceso de terciarización da economía galega cara sectores de baixo valor engadido, coas súas respectivas consecuencias no sector industrial, no emprego e no proceso de converxencia territorial.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo parlamentario presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) Como explica a Xunta que Galicia sexa unha das CCAA que presenta unha importante desaceleración do investimento en bens de equipo?
- 2.) Como explica a Xunta que Galicia sexa a segunda Comunidade Autónoma que mantén a peor evolución nas exportacións?
- 3.) Como explica a Xunta de que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde se rexistra a peor evolución do índice de produción industrial?
- 4.) Como explica a Xunta de que Galicia sexa, despois de Asturias, a Comunidade que mantén o menor crecemento de visados para obra de vivenda?
- 5.) A que se debe, segundo a Xunta, a que Galicia sexa unha das CCAA con peor evolución da afiliación á Seguridade Social?
- 6.) A que considera a Xunta que é debido que Galicia vaia a manter a peor evolución no crecemento do emprego de toda España nos anos 2017 e 2018?



7.) Como valora a Xunta o feito de que o crecemento do PIB per cápita que se da en Galicia sexa consecuencia da negativa dinámica poboacional que se da na Comunidade?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2017 11:52:46

Antón Sánchez García na data 16/05/2017 11:53:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Segundo un informe elaborado por Ramón Varela Díaz, doutor en Bioloxía e experto en contaminación atmosférica, informe que se fai en base aos datos do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes (PRTR-España), publicado o 15 de novembro de 2016, a contaminación causada pola gran industria medra de xeito importante.

Galiza pasa de ser a cuarta comunidade autónoma en emisións a ser a segunda.

	ANO 2012			ANO 2015		
CONTAMINANTE ATMOSFÉRICO	% Galiza-Estado en 2012	Posto Galiza en 2012	Complexos con datos declarados 2012	% Galiza-Estado en 2015	Posto Galiza en 2015	Complexos con datos declarados 2015
Dióxido de Carbono CO ₂	11,98 %	Cuarto	16	15,10%	SEGUNDO	14
Monóxido de Carbono CO	8,80%	Terceiro	4	8,45%	Terceiro	3
Dióxido de Xofre SO ₂	14,28%	Terceiro	17	19,19%	SEGUNDO	19
Oxidos de Nitróxeno NO _x	6,88%	Sexto	18	12,60%	CUARTO	19
Partículas PM ₁₀	15,71%	Segundo	9	18,75%	TERCEIRO	10
Amoníaco NH ₃	6,74%	Quinto	79	4,57%	Sétimo	67
Cle compostos inorgánicos Cl	13,50%	Terceiro	4	22,05%	SEGUNDO	3
Compostos Orgánicos Volátiles non metano COVNM	9,35%	Terceiro	6	13,08%	Terceiro	8
Flúor F	20,75%	Terceiro	4	36,65%	PRIMEIRO	5
Mercurio Hg	13,99%	Cuarto	7	30,53%	PRIMEIRO	9
Metano CH ₄	4,80%	Sétimo	7	11,86%	TERCEIRO	8
Arsénico As	4,67%	Quinto	3	18,48%	TERCEIRO	4
Perfluorocarburos PFC	76,44%	Primeiro	2	80,50%	Primeiro	2
Todas as substancias contaminantes á atmosfera	11,96%	Cuarto		15,08%	SEGUNDO	



Galicia é responsable do 15,08% do total das emisións á atmosfera de España.

Ademais é a primeira en emisións de flúor, mercurio e perfluorocarburos. É a segunda en emitir dióxido de carbono, gases de efecto invernadoiro, dióxido de xofre, cloro e substancias acidificantes/precursoras de ozono. Tamén é a terceira comunidade por emitir á atmosfera partículas (PM10), monóxido de carbono, compostos orgánicos volátiles non metano (COVNM), metano, arsénico e cromo. Para rematar, ocupa o cuarto posto en emisións de óxidos de nitróxeno e metais pesados en conxunto.

É tamén preocupante que segundo os datos oficiais , os vertidos contaminantes á auga de Galicia significan o 10,46% do total do Estado con 84.814 toneladas/ano, ocupando con este valor o cuarto posto no conxunto das comunidades.

Ademais, Galicia é a primeira comunidade do Estado en verter compostos organoestannicos e carbono orgánico total (COT).

Varela Díaz califica de “sorprendente” que no Rexistro Estatal de Emisións Contaminantes, Galicia teña só o 4,45% do total dos complexos con información pública e que ao mesmo tempo “sexamos responsábeis das emisións do 80,5% dos perfluorocarburos; do 36,6% do flúor; do 30,5% de mercurio; do 22,0% do cloro; do 19,2% do dióxido de xofre; do 18,7% das partículas (PM10); do 15,1% do dióxido de carbono; do 12,6% dos óxidos de nitróxeno... por non citar os vertidos á auga de compostos organoestannicos (54,4%); zinc (16,4%); chumbo (15,3%); cloruros (10,1%); cobre (8,6%); compostos orgánicos haloxenados (5,9%)...”

Mentres o dióxido de carbono no 2015 representa o 15,1% do total do Estado, fai tan só tres anos representaba o 12%. En tres anos Galicia pasou do cuarto lugar no Estado ao segundo. Escollidos 32 contaminantes considerados como os máis



importantes, no ano 2015 21 tiñan valores superiores aos do ano 2010 e, aínda máis, 14 superaban os valores que tiñan no ano 2007 (ver táboa).

Neste estudo salientase que as centrais térmicas en Galicia emiten máis de 10 dos 14 millóns de Tm de CO₂.

Estes e moitos outros datos mostran unha especialización de Galiza na industria contaminante, xa que a proporción de contaminación sobre PIB ou poboación é moi elevada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte interpelación:

- 1) Considera que a elevada produción de emisións contaminantes é unha realidade que é necesario cambiar?
- 2) Pensa que as industrias, principalmente responsables destas emisións, están a asumir os custes ambientais que provocan?
- 3) Ten pensado incrementar o gravame do Imposto de Contaminación Atmosférica?
- 4) Ten pensado o Goberno galego promover un Plan específico de diminución progresiva da contaminación nas grandes industrias?
- 5) Porá en práctica as Directrices da OMS para partículas (PM₁₀ e PM_{2,5}) xa que os niveis da lexislación actual son moi permisivos e duplican o recomendado?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/05/2017 12:55:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9295
Data envío: 18/05/2017 18:08:16.396

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a adoptar para mellorar o sistema público de pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdividas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central que utilizan os "comités de sabios", sempre formados por representantes da banca e as aseguradoras, é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9295
Data envío: 18/05/2017 18:08:16.396

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iver, da auga, da luz, dos carburantes...

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do limiar da pobreza.

Mentres lle teñen metido aos bancos miles de millóns de euros e teñen declarado amnistías fiscais para @s defraudador@s, actúan coa maior das durezas, das crueldades contra @s que cometeron o único delito de traballar duramente toda unha vida.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos a derrocar da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9295
Data envío: 18/05/2017 18:08:16.396

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais.

Polo que respecta ao sistema público de pensións, atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

O capital, o poder económico, aproveita o vento a favor e a escusa da crise para eliminar dereitos e melloras nas condicións laborais e sociais, incrementar os seus beneficios e o seu poder e debilitar á clase traballadora.

Por todas as razóns expostas formúlase a seguinte Interpelación:

-Que valoración fai o Goberno galego da situación das pensións en Galiza?

-Que actuacións ten posto en marcha para reverter a situación de que @s galeg@s teñan as pensións máis baixas do Estado?

-Vai realizar algunha actuación para variar esta situación?

-Coida que @s nos@s maiores poden desenvolver unha vida digna coa cuantía das pensións que perciben?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9295

Data envío: 18/05/2017 18:08:16.396

-Tendo en conta que en Galiza 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos están baixo o limiar de pobreza, que actuacións de protección teñen realizado para atender as súas necesidades?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2017 18:07:01

Ana Pontón Mondelo na data 18/05/2017 18:07:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/05/2017 18:07:06

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2017 18:07:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9295

Data envío: 18/05/2017 18:08:16.396

Noa Presas Bergantiños na data 18/05/2017 18:07:10

Xosé Luis Bará Torres na data 18/05/2017 18:07:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Manuel Lago Peñas, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre como afectan os recortes aos servizos públicos do país.

A economía galega fai por saír da recesión, pero a sociedade galega aínda está na zona cero da crise social. Que medre o PIB é positivo e necesario, pero iso en absoluto significa que a crise quede atrás. Só se poderá dicir que saímos da crise cando recuperemos as condicións de vida e de traballo que tiñamos antes de caer no pozo da gran recesión e cando os nosos servizos públicos esenciais recuperen en termos reais os recursos dos que dispoñían antes da Crise, non pode existir recuperación cando se continúan degradando os salarios, a educación, a sanidade e o conxunto de servizos públicos básicos .

O Poder coa axuda dos “manporreros” do PP utilizou a crise para destrozarmos o xacativo modelo social do que dispoñíamos ,e recuperar o benestar perdido non é un camiño nin fácil nin automático. Cos niveis de precariedade, desemprego e desigualdade actuais teimar en que saímos da crise é unha fraude. Unha estafa. Unha irresponsabilidade. O camiño para a recuperación pasa de forma inescusable pola recuperación dos niveis de gasto público anteriores a crise.

Nin se pode nin se debe aceptar o retroceso de décadas que está provocando na vida da maioría social a nefasta xestión neoliberal da recesión. Non podemos aceptar que os durísimos recortes na sanidade ou na educación pública, a deterioración das prestacións sociais e a precariedade laboral extrema non teñan



volta atrás. Todo o contrario: a volta ao crecemento económico debe servir para recuperar o perdido.

A Galicia de hoxe é un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos protección social, con menos dereitos laborais, con peores servizos públicos, con menos emprego, máis paro, con salarios devaluados e maior precariedade laboral que a de 2008:

1. Hai 207.000 persoas que seguen sen traballo e a maioría delas xa son parados de longa duración, a maioría desprotexidas porque só unha de cada catro persoas en paro teñan dereito a unha prestación.
2. Catro de cada dez asalariados cobran menos de 1.000 euros ao mes, e o 20 % son traballadores pobres, porque os seus salarios están por debaixo do limiar da pobreza.
3. A metade da poboación asalariada é precaria, ben porque está no paro, ben porque ten un contrato temporal ou ben porque traballa a tempo parcial non desexado.
4. Disparouse a desigualdade, como demostra que os ingresos dos que máis ganan multipliquen por máis de once veces os dos que menos cobran.
5. O 26 % dos galegos e galegas, isto é, 750.000 persoas, están en risco de pobreza ou exclusión social (índice AROPE de Eurostat)
6. Existen 72.000 fogares onde todos os membros están en paro, unha situación que chega ao drama nos 34.000 fogares onde viven máis de 50.000 persoas sen ningún tipo de ingreso, nin salario, nin pensión nin prestación por desemprego.
7. As 755.000 persoas pensionistas en Galicia teñen unha pensión media de 763 euros ao mes, a segunda máis baixa do Estado; e 200.000 delas



ingresan menos de 500 euros mensuais e que, aínda así, son o soporte fundamental de moitas familias.

8. Os orzamentos en promoción de emprego perderon mais de 179 millóns de euros dende o 2009.
9. A atención primaria sanitaria perdeu mais de 273 millóns de Euros dende o 2009
10. A nosa educación perdeu mais de 195 millóns de orzamento dende a chegada de Feijoo, case todos no ensino público, e non así na concertada.

Para mudar este escenario de degradación do publica pasa ten que existir unha recuperación do papel das administracións publicas. Tanto o goberno central como a Xunta din que en 2017 a produción de bens e servizos, o PIB, vai estar o mesmo nivel que antes da recesión. Se isto é así xa non hai ningunha razón económica que impida que tamén os recursos públicos volvan o nivel que tiñan antes de empezar a sufrir os recortes. É hora polo tanto de dotar a educación, a sanidade os servizos de emprego dos recursos necesarios para devolverlle a dignidade perdida por mor das políticas da Xunta de Galicia e do Partido Popular. Si o nivel de riqueza xa é o mesmo, porque temos que resinarnos a servizos públicos de peor dotados e a unha protección social deteriorada? E máis en concreto, si o PIB xa é o mesmo que en 2008 porque os recursos que xestiona a Xunta de Galicia son un 25% inferiores aos dese ano?

A desigualdade xa é unha característica estrutural do modelo de crecemento e para combatela temos que situar como obxectivo central da lexislatura un reparto máis xusto i equilibrado da riqueza para trasladar a saída da recesión ao benestar da cidadanía. E para iso e absolutamente imprescindible aumentar a inversión social para recuperar a calidade dos servizos públicos e nas prestacións sociais, recuperando o perdido nos últimos sete anos de recortes.



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte
INTERPELACIÓN:

Que medidas ten previsto realizar a Xunta para devolver a dignidade aos servizos públicos básicos do país, logo dos tsunami de recortes aos que os tivo sometidos durante os últimos anos?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Antón Sánchez García

Manuel Lago Peñas

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/05/2017 18:10:34

Carmen Santos Queiruga na data 18/05/2017 18:10:42

Antón Sánchez García na data 18/05/2017 18:10:50

José Manuel Lago Peñas na data 18/05/2017 18:10:57

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Luis Manuel Álvarez Martínez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Friend of the Sea é unha organización non gobernamental (ONG) sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a conservación do hábitat mariño, é un importante proxecto de certificación internacional para produtos de pesquería e acuicultura sostibles. Os produtos certificados inclúen a maioría das especies comercializadas, fariña de pescado, comida para peixes e aceite de pescado.

Os requisitos de certificación cumpren coa FAO (directrices para o ecoetiquetado de pescado e produtos pesqueiros procedentes da pesca de captura mariña). En concreto, só poden ser certificados os produtos procedentes de poboacións mariñas que non estean sobreexplotadas.

Os criterios de pesca sostible desta organización requiren non sobrepescar, que non haxa impacto relevante nos fondos mariños, métodos de pesca selectiva, cumprimento de requisitos legais, xestión de residuos, etc.

Dende o mes de marzo, tras nove meses de traballo, oito pincheiros do Porto de Celeiro, contan co selo de pesca sostible de *Friend of the Sea*. O porto pretende ter acreditados os seus 25 pincheiros de aquí a 2019. Os novos requirimentos da etiquetaxe supoñen máis traballo, polo tanto crease a necesidade de incrementar os cadros de persoal.

Segundo se puido ler nos medios de comunicación, a acollida no mercado foi boa, ata o punto de que os clientes estiveron dispostos a pagar algo máis de prezo ao se asociar o selo a unha maior calidade, incluso unha importante multinacional de distribución vén de incluílo no seu selo de Calidade e Orixe.

 Grupo Parlamentario

Por todo isto as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ten pensado o Goberno galego levar a cabo algún tipo de acción co obxecto de promover a utilización dos selos de calidade e sostibilidade na pesca?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 11/05/2017 19:45:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/05/2017 19:45:41

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2017 19:45:48

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 11/05/2017 19:45:57

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os accidentes de embarcacións por impactos contra bateas non é que sexa moi común afortunadamente, pero abre o debate sobre a adecuada sinalización das bateas e outros elementos flotantes que permanecen invisibles durante a noite e constitúen un perigo potencial para as embarcacións de pesca de baixura, problema este que é preciso resolver.

Existe unha necesidade pois de realizar investimentos en prevención de accidentes e seguridade marítima. A sinalización luminosa sería unha medida básica, aínda que non a única, para previr certos riscos que poden implicar as bateas, ao igual que se fai con outros artefactos flotantes, dado que as embarcacións de baixura son tecnoloxicamente moi básicas, e a observación visual, a intuición e a experiencia son, na maioría dos casos, os únicos elementos de detección de obstáculos.

Portos de Galicia anunciou a finais de 2015 que reforzaría a seguridade marítima no ano 2016 coa colocación de balizas, a cargo da Consellería do Mar e en atención á Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante. Un plan que implicaría mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase nas dúas anualidades seguintes pero, a día de hoxe, aínda non é unha realidade.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

En que fase se atopa o plan de sinalización e colocación de balizas que Portos de Galicia anunciou a finais de 2015 para reforzar a seguridade marítima dos portos galegos?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 11/05/2017 20:08:09

Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2017 20:08:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 11 de maio fíxose público que Ferroatlántica iniciou os trámites necesarios para levar a cabo a venda das centrais dos ríos Xallas e Grande. Para elo, solicitou formalmente ao organismo Augas de Galicia que, elimine a prohibición de segregación das actividades de produción de ferroaleacións e de enerxía eléctrica.

Ata agora, a Xunta de Galicia, a través do seu presidente ou ben a través do conselleiro de Industria, escudábase en que non tiña coñecemento formal da venda das centrais por parte da propiedade. En base a elo, nunca manifestou que posición ía manter neste proceso.

Agora a intención de vender é xa coñecida publicamente pola Xunta de Galicia.

Ante tales feitos, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a posición da Xunta de Galicia ante o novo escenario formulado por Ferroatlántica de solicitude a Augas de Galicia da segregación das centrais?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2017

Asdo.: María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 11:08:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2017 11:08:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/05/2017 11:08:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/05/2017 11:08:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Convención Internacional sobre os dereitos con discapacidade, aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, supón a consagración do enfoque de dereitos das persoas con discapacidade, de modo que considera ás persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos e que os poderes públicos están obrigados a garantir que o exercicio deses dereitos sexa pleno e efectivo.

Este grupo parlamentario recibiu numerosas queixas de colectivos afectados e persoas a título individual de que a día de hoxe en Galicia seguen existindo importantes limitacións de accesibilidade para as persoas con discapacidade, ou con mobilidade reducida para acceder aos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros en adecuadas condicións de calidade e seguridade.

En España dítase o *Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social*, que prevé no seu artigo 27 que:

"I. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos medios de transporte serán esixibles nos prazos e termos establecidos regulamentariamente.

Non obstante, as condicións previstas no parágrafo anterior serán esixibles para todas as infraestruturas e material de transporte, de acordo coas condicións e prazos máximos previstos na disposición adicional terceira, I.

II. No prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei, o Goberno deberá realizar os estudos integrais sobre a accesibilidade aos diferentes medios de transporte, no que se considere máis relevante dende o punto de vista da non discriminación e da accesibilidade."

 Grupo Parlamentario

Estando próximo o vencemento deste prazo máximo de esixibilidade das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos medios de transportes ferroviarios, non temos constancia de que en Galicia se realizaran estudos integrais de accesibilidade no transporte ferroviario, o que provoca que se cronifiquen as dificultades de mobilidade e seguridade, ademais de xerar incerteza nos colectivos de persoas con discapacidade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da accesibilidade para as persoas con discapacidade no transporte ferroviario da nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 12:47:57

Raúl Fernández Fernández na data 12/05/2017 12:48:03

María Luisa Pierres López na data 12/05/2017 12:48:09

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 12:48:14

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquelas Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes e destas menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflitivos e con trastornos de conduta son habituais.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode garantir o Goberno galego que cando se reabra o centro de menores de Montealegre, todos os servizos que se vaian a prestar sexan públicos, e estea atendido por empregados e empregadas públicos?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 13:02:06

Raúl Fernández Fernández na data 12/05/2017 13:02:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/05/2017 13:02:20

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 13:02:36

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquelas Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes e destas menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflitivos e con trastornos de conduta son habituais.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia que estea de novo operativo o centro de menores de Montealegre, situado en Ourense?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 13:00:26

Raúl Fernández Fernández na data 12/05/2017 13:00:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/05/2017 13:00:41

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 13:00:46

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre a aplicación das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade no presente curso 2016-2017.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inquedanza e a incerteza. Meses de auténtico calvario educativo, tal e como recolleu nun titular La Voz de Galicia. Un auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas. Que o goberno teimara en substituír as PAU sen ter previamente definido un modelo alternativo, supuxo unha enorme irresponsabilidade cuxas consecuencias padece toda a comunidade educativa diariamente.

A piques de rematar o curso, apenas dous meses antes, a Consellería de Educación publicou no DOG a *RESOLUCIÓN conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18* na que fai públicas as



datas das probas así como os contidos da mesma. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Deste xeito, o profesorado denuncia ter unha información claramente insuficiente ao non poder contar con máis dun modelo de exame por cada materia.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Considera suficiente a información da que dispoñen nos centros para a preparación das mesmas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/05/2017 13:11:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/05/2017 13:11:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre a aplicación das reválidas da ESO no presente curso 2016-2017.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que, lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inqueda e a incerteza. Auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas, que de ser obrigatorias, de titulación e para todo o alumnado, foise rebaixando de contido ata acabar sendo diagnóstica e mostral.

A piques de rematar o curso, apenas só un mes antes, a Consellería de Educación saca a resolución do 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2016-17 na que fai públicas as datas das probas, 23 e 24 de maio, con menos de dúas semanas de antelación. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Nin no que atinxe ao formato nin aos contidos específicos.



Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

-Considera adecuado a Consellería o prazo no que se comunica a realización das probas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/05/2017 13:03:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/05/2017 13:03:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre a aplicación das reválidas en educación primaria no presente curso 2016-2017.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inqueda e a incerteza. Auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas, que de ser obrigatorias, de titulación e para todo o alumnado, foise rebaixando de contido ata acabar sendo diagnóstica e mostral. A piques de rematar o curso, apenas só un mes antes, a Consellería de Educación saca a resolución RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2016- 17 na que fai públicas as datas das probas, 23 e 24 de maio, con menos de dúas semanas de antelación. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Nin no que atinxe ao formato nin aos contidos específicos.



Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

-Considera adecuado a Consellería o prazo no que se comunica a realización das probas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/05/2017 13:03:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/05/2017 13:03:46

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os/as mariscadores/as, percebeiros/as e recolledores/as de algas son un colectivo incluído no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar (RETM) como traballadores por conta propia (BOE 22 de outubro de 2015).

A efectos da cotización e posterior xubilación, este sector vese afectado por un coeficiente redutor de 0,10. Este coeficiente vén sendo un obxecto de debate por parte dos/as traballadores/as do marisqueo e derivados, pois se realiza un efecto comparativo con outros colectivos afectados por outros factores redutores, como outros/as traballadores/as en embarcacións de pesca ou da Mariña Mercante, que poden chegar ao 0,40.

O Real decreto 1561/1995 do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales establece unha serie de criterios para delimitar cales son os traballos excepcionalmente penosos, perigosos, insalubres ou tóxicos. Nesta liña, o traballo de extracción de marisco padece condicións laborais difíciles, sometido a humidade e permanencia na auga durante horas, castigando o corpo no traballo esforzado de recollida e baixo condicións climatolóxicas difíciles en moitos dos casos, o que se alíña co sinalado no dito real decreto como *exposición a frío*, ou *exposición a excesiva carga física*. É por isto que a consideración de penosidade deste labor está máis que xustificada, e polo que o coeficiente corrector pode ser considerado menor do merecido.

O colectivo de mariscadores/as diminuíu en grande número nos últimos tempos, reducíndose de aproximadamente 6500 ata menos de 4000 nos últimos 15 anos, o que amosa un problema estrutural relacionado coa calidade e a produtividade do traballo no mar. Non entanto é imprescindible garantir as mellores condicións posibles para garantir a continuidade dun sector fundamental para a eido económico de Galicia, tanto de maneira directa como indirecta.

 Grupo Parlamentario

Pola consideración dunha necesidade de establecer un sistema equilibrado no que corresponde á seguridade social, e ponderar esta necesidade co recoñecemento da penosidade do traballo do apromarisqueo, é preciso revisar o modelo no que afecta a este sector.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno de Galicia traballar para solicitar ao Goberno de España a modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor dos/as mariscadores/as?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 13:21:35

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 13:22:14

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 13:22:30

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En 2010 o Concello da Coruña cedía á Xunta de Galicia o edificio protexido da Fábrica de Tabacos, patrimonio emblemático da cidade, para a súa rehabilitación e instalación dos equipamentos xudiciais que precisaba e precisa A Coruña.

Tras un retraso de tres anos e un investimento de case 20 millóns de euros, a Xunta de Galicia inaugurou oficialmente o pasado 31 de marzo deste ano o edificio rehabilitado, no que está previsto instalar a Audiencia Provincial, a Fiscalía, a Xunta Electoral, o Xulgado de Menores e de Vixilancia Penitenciaria, ademais doutras oficinas auxiliares, desprazando ao novo edificio aproximadamente a 175 persoas, entre xuíces e fiscais e funcionarios dos corpos xudiciais.

O Goberno galego solicitara o 23 de marzo, só oito días antes da inauguración, ao Concello da Coruña as correspondentes licencias urbanísticas para a apertura e ocupación do novo edificio. O organigrama de traballo da Consellería de Presidencia tiña previsto iniciar a mudanza das indicadas oficinas xudiciais o día 3 de abril para poñer o edificio en pleno funcionamento o 5 de maio actual.

Parece ser que actualmente as preceptivas licencias urbanísticas aínda non foron outorgadas polo Concello, polo que as previsións para a efectiva posta en funcionamento das novas instalacións xudiciais na Coruña se están a demorar novamente.

Ademais, os representantes do persoal de xustiza da Coruña teñen manifestado a falta de información por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no que atinxe a todo este importante proceso de traslado, debéndose en todo momento asegurar as preceptivas obrigas en materia de seguridade e saúde no traballo e, moi especialmente, a axeitada coordinación entre os órganos xudiciais que se van instalar no novo edificio e aqueles que, aínda permanecendo noutras instalacións xudiciais da cidade, interveñen nas diferentes fases procesuais dos procedementos xudiciais.

Grupo Parlamentario

Se é importante unha correcta e transparente reinstalación do persoal, das oficinas e dos equipamentos tecnolóxicos, por suposto en correcta situación urbanística, é esencial que todos os mecanismos de coordinación e cooperación garantan un seguro e eficaz servizo da Xustiza na cidade da Coruña.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por outra parte, e non sen retraso tamén desde os anuncios de 2009, a Xunta de Galicia anuncia agora a implantación paulatina da Oficina xudicial como novo modelo organizativo, cun ensaio piloto en Ourense, pero sen que coñezamos qué previsión de implantación existe da nova oficina na Coruña, nun momento no que se está a poñer en marcha o novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos.

Polo exposto o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que previsións ten o Goberno galego para poñer en pleno funcionamento o novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos na Coruña?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/05/2017 14:26:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2017 14:26:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/05/2017 14:26:27

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O furtivismo, en calquera das súas formas e modos, é un dos problemas máis grandes aos que se enfronta o sector do mar en Galicia, especialmente o dedicado ao marisqueo. A existencia de furtivos que extraen e comercializan produto do mar provoca varios problemas que terminan por afectar, de maneira directa ou indirecta, ao traballo desenvolvido legal e disciplinadamente polas persoas que se dedican ao marisqueo.

Un dos problemas obvios é o da sobreexplotación do produto, que provoca graves consecuencias tanto polas cantidades que se perden de maneira directa, como polas dificultades que se producen na rexeneración e mantemento dentro do proceso biolóxico.

Noutro orde de cousas existe un grave problema de saúde pública, pois o produto extraído furtivamente non pasa por controis de calidade ni idoneidade, o que supón un perigo por estar dispoñendo para consumo produtos que poden estar en mal estado.

A cuestión da devaluación dos prezos é tamén relevante, pois a existencia continuada de produto furtivo á venda provoca que os prezos naturais do marisco extraído legalmente, con todos os controis e o paso por depuradora, sexa comparativamente moito maior, o que provoca menor venta pola competencia ilegal que se produce fronte aos furtivos.

En consecuencia de todo isto, o prexuízo na imaxe e calidade do produto é tremendamente relevante, pois pode estar sendo consumido e ata comercializado un produto sen controis de calidade, que é potencialmente perigoso e que está prexudicando ao desenvolvemento natural do propio produto en si no futuro.

Grupo Parlamentario

Para controlar o furtivismo, e poder garantir un correcto desenvolvemento da actividade marisqueira, os vixiantes son un elemento fundamental no sector. Non entanto, a pesares da relevancia e necesidade de controlar estas actividades fóra da legalidade, os postos de traballo dos vixiantes son financiados, na maior parte, polas confrarías e non pola Administración autonómica de maneira directa.

Isto provoca que a propia confraría non poida investir en cuestión de outro interese, como avances en estudos e I+D+i para mellorar a produción, en seguridade laboral, en maior formación para mariscadores/as, e en máis medios técnicos para facilitar a labor (seguridade, control, depuración, venda ...).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

1. Ten previsto o Goberno galego incrementar o investimento, sexa de maneira directa ou indirecta a través das confrarías, en contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo?
2. Ten o Goberno galego un cómputo do número global de vixiantes que traballan en Galicia?
3. Cantos postos de traballo de vixiantes están sendo financiados de maneira completa pola Xunta de Galicia?
4. Cantos están sendo financiados en parte?
5. Considera o Goberno galego que a vixilancia dos bancos marisqueiros é unha responsabilidade das confrarías ou propia da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 17:07:08

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 17:07:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **9069**, advertido un erro en dito documento:

Onde di:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

1. Ten previsto o Goberno galego incrementar o investimento, sexa de maneira directa ou indirecta a través das confrarías, en contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo?
2. Ten o Goberno galego un cómputo do número global de vixiantes que traballan en Galicia?
3. Cantos postos de traballo de vixiantes están sendo financiados de maneira completa pola Xunta de Galicia?
4. Cantos están sendo financiados en parte?
5. Considera o Goberno galego que a vixilancia dos bancos marisqueiros é unha responsabilidade das confrarías ou propia da Administración autonómica?”

Debe dicir:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno

Ten previsto o Goberno galego incrementar o investimento, sexa de maneira directa ou indirecta a través das confrarías, en contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo?”

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 19/05/2017 14:43:55

María Dolores Toja Suárez na data 19/05/2017 14:44:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O pasado 2 de maio, celebrouse a quinta edición do Job Day transfronteirizo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que ten como obxectivo fomentar a creación de emprego e a cooperación transfronteiriza entre as empresas de distintos sectores de actividade.

As anteriores edicións desta iniciativa tiveron como protagonistas, o sector da metalurxia e metalomecánica; a hostalería e turismo; a agricultura e alimentación; e o sector forestal. O resultado tense traducido na contratación de máis de medio centenar de desempregados dos dous lados da fronteira.

A edición do ano 2017 adicouse ao sector TIC, participando na mesma 16 empresas, que ofreceron un total de 152 ofertas de emprego, como xestor de sistemas, analista de negocios y de software, arquitecto de software, consultoría, enxeñeiro da calidade e de software, xestor de proxectos, programación/desenvolvemento e deseño web.

As xornadas celebradas no presente ano incluían na súa programación distintos foros sobre mobilidade laboral, mercado laboral transfronteirizo, posibilidades de contratación, retos e oportunidades do traballo transfronteirizo, e a cualificación no sector TIC, enfocados a promover a mobilidade e a contratación de traballadores e traballadoras na Eurorrexión, e a facilitar o contacto directo entre os demandantes de emprego e o mercado de traballo, propiciando a divulgación de oportunidades, o desenvolvemento de competencias e o networking das persoas participantes no sector das novas tecnoloxías.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Pleno:

Cal é a valoración que fai o Goberno galego da Quinta edición dos “Job Day” da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal ?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 11:08
Nº Rexistro: 9113
Data envío: 15/05/2017 11:08:14.364

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2017 10:57:36

Paula Prado Del Río na data 15/05/2017 10:57:52

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/05/2017 10:58:31

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/05/2017 10:59:06

María Isabel Novo Fariña na data 15/05/2017 10:59:22

César Manuel Fernández Gil na data 15/05/2017 10:59:40

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/05/2017 10:59:50

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/05/2017 11:00:02

Jacobo Moreira Ferro na data 15/05/2017 11:00:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O pasado 1 de maio o Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, asistiu á inauguración da sede da Eurocidade Monçao-Salvaterra de Miño, acto no que tamén participaron o Secretario de Estado das Comunidades Portuguesas do Goberno de Portugal, Jose Luis Carneiro; o alcalde de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal, e o alcalde de Monçao, Augusto Domínguez.

Durante o transcurso do mesmo, destacou a importancia desta iniciativa para posibilitar que as dúas localidades desenvolvan proxectos en común que permitan afondar na cooperación transfronteiriza. O edificio que servira de sede está situado en Monçao, no antigo posto da fronteira, e contará con persoal encargado de informar e de pór en valor todo aquilo que identifica aos dous pobos: o río, a cultura, a historia ou a gastronomía.

A Eurocidade Monçao-Salvaterra de Miño constitúe o terceiro organismo de cooperación local entre Galicia e Portugal, e os antecedentes das eurocidades de Chaves-Verín e de Tui-Valença, amosan as importantes ventaxas derivadas para os cidadáns da cooperación transfronteiriza no eido local

A creación desta nova sede, dotada do correspondente persoal, permitirá traballar na presentación de proxectos con vistas a candidaturas a fondos europeos co fin de revalorizar, optimizar e dar novos recursos aos máis de 30.000 veciños que conforman a Eurocidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes **Preguntas orais en Pleno**:

Cales son as expectativas que ten o Goberno galego respecto ao desenvolvemento da Eurocidade Monçao-Salvaterra de Miño ?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2017 10:39:15

Paula Prado Del Río na data 15/05/2017 10:39:37

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/05/2017 10:40:15

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/05/2017 10:40:27

María Isabel Novo Fariña na data 15/05/2017 10:40:38

César Manuel Fernández Gil na data 15/05/2017 10:40:55

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/05/2017 10:41:04

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/05/2017 10:41:13

Jacobo Moreira Ferro na data 15/05/2017 10:41:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre os novos datos de beneficios coñecidos de Abanca.

A presentación de resultados do exercicio 2016 que acaba de facer Abanca vén demostrar o que En Marea leva tempo dicindo: todo o proceso de liquidación, fusión, bancarización e posterior liquidación e venda das Caixas Galegas, foi unha estafa. Unha enorme estafa ao pobo galego tramada dende a oligarquía financeira estatal, coa inevitable axuda dos poderes públicos, tamén da Xunta de Galicia: en tan só tres anos a entidade privatizada de forma precipitada e por baixo do seu prezo acadou beneficios equivalentes ao 180% do seu prezo de venda.

Escotet fixo un negocio redondo: comprou unha entidade –rescatada con cartos públicos (9.600 millóns)– por apenas 1.003 millóns, dos que só se pagaron 400 no momento inicial, e nos tres primeiros anos acadou un beneficio de 1.820 millóns de euros. Todo grazas ás decisións das administracións deste país dirixidas polo Partido Popular. Unha estafa pagada por todos e todas, xa que recibiu cartos públicos, para ser regalada posteriormente.

Con estes datos resulta unha evidencia que a Caixa estaba mal valorada para permitir entregar este negocio multimillonario á elite financeira internacional.

Os seus resultados de hoxe, beneficios de 336 millóns de euros en 2016, non teñen a ver cun novo modelo de negocio, nin con novas formas de facer: estes



beneficios xa estaban no seu balance, dende os seus créditos fiscais, as súas participacións en empresas, e por contar co 40% dos aforros dos galegos.

Os enormes beneficios acadados, a valoración actual da entidade e a súa capacidade para xerar resultados positivos demostra que na operación de liquidación das caixas de aforro asistimos a unha trama de descrédito destas entidades, que debe e merece ser investigada de forma contundente para depurar responsabilidades penais e políticas.

Porqué un banco que en apenas 3 anos duplica en beneficios o prezo de compra non seguiu sendo unha entidade en mans publicas? Como se explica a súa prematura venda a prezo de saldo?.

Cada día é máis evidente a campaña de descrédito organizada sobre as caixas de aforro en xeral e das galegas en particular, para permitir esta operación de beneficios multimillonarios para o sector privado pero de enormes perdas de fondos públicos e para eliminar as Caixas e privatizar os aforros dos galegos. Os datos de exclusión financeira, de dificultades de acceso ao crédito, de expulsión do aforro galego cara outros territorios pon de evidencia a necesidade dunha banca galega pública que permita reactivar os nosos sectores produtivos e axudar ao emprendemento e ás familias do país.

É paradóxica a situación de beneficios de Abanca, imposible si a situación anterior fose tan dramática como se deu en reafirmar, fronte as dificultades que están a pasar entidades bancarias nestes intres.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de **En Marea**, formula a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno:**



- Perante os beneficios de Abanca coñecidos estes días, que opinión ten o Goberno galego da estafa que supuxo a privatización das Caixas e a precipitada venda, a prezo de saldo, da entidade rescatada?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/05/2017 11:12:07

Antón Sánchez García na data 15/05/2017 11:12:25

Luis Villares Naveira na data 15/05/2017 11:12:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No que levamos do ano 2017 Galicia esta sufrindo un aumento da inflación moi por riba tanto das previsións iniciais como da media do Estado. O IPC en termos anuais medrou o 3,3% en xaneiro fronte o 3% en España; o 3,3% en febreiro fronte o 3% en España; o 2,7% fronte o 2,3% en marzo e no mes de abril a suba dos prezos en Galicia foi do 2,8% fronte ao 2,6%.

En síntese, a inflación en Galicia no primeiro cuadrimestre acumula un incremento medio do 3% fronte ao 2,7% de España e ámbolos dous moi por riba da previsión de inflación para 2017 que é o 1,2%.

Xa son catro meses nos que os prezos medran por riba do 3%, a cifra máis alta dende 2008, e iso significa que non estamos diante dun simple e conxuntural aumento dos prezos, senón que volvemos ao escenario habitual de inflación da economía española e galega.

O que introduce maiores problemas neste caso é a abrupta transición de escenarios de inflación moi baixa e mesmo negativa, o outro, onde se incrementan os prezos de forma significativa.

A razón é que cando os prezos soben máis do que estaba previsto provocan graves distorsións económicas e quebrantos nos casos de perceptores de rendas que non se actualizan de forma inmediata para corrixir a desviación dos prezos.



Polo anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta en Pleno:

- Por que Galicia está entre as comunidades que máis está sufrindo a carestía da vida a pesares de que estamos entre as que teñen os salarios e as pensións máis baixas?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/05/2017 16:51:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No que levamos do ano 2017 Galicia esta sufrindo un aumento da inflación moi por riba tanto das previsións iniciais como da media do Estado. O IPC en termos anuais medrou o 3,3% en xaneiro fronte o 3% en España; o 3,3% en febreiro fronte o 3% en España; o 2,7% fronte o 2,3% en marzo e no mes de abril a suba dos prezos en Galicia foi do 2,8% fronte ao 2,6%.

En síntese, a inflación en Galicia no primeiro cuadrimestre acumula un incremento medio do 3% fronte ao 2,7% de España e ámbolos dous moi por riba da previsión de inflación para 2017 que é o 1,2%.

Xa son catro meses nos que os prezos medran por riba do 3%, a cifra máis alta dende 2008, e iso significa que non estamos diante dun simple e conxuntural aumento dos prezos, senón que volvemos ao escenario habitual de inflación da economía española e galega.

O que introduce maiores problemas neste caso é a abrupta transición de escenarios de inflación moi baixa e mesmo negativa, o outro, onde se incrementan os prezos de forma significativa.

A razón é que cando os prezos soben máis do que estaba previsto provocan graves distorsións económicas e quebrantos nos casos de perceptores de rendas que non se actualizan de forma inmediata para corrixir a desviación dos prezos.



Polo anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- A Xunta de Galicia ten pensada algunha actuación para combater a crecente carestía da vida que deteriora a renda dispoñible real dos pensionistas, das persoas asalariadas, tanto do sector público como privado, ou das perceptoras de rendas públicas?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/05/2017 16:44:41

Antón Sánchez García na data 15/05/2017 16:44:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 10:59
Nº Rexistro: 9178
Data envío: 16/05/2017 10:59:44.692

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á orde que regula novas instalación de produción eléctrica fotovoltaica

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital estivo a traballar nunha proposta de orde pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partires de fontes de enerxía renovábeis no sistema eléctrico peninsular. Todo este proceso suscitou non pouca polémica no sector, nomeadamente no referido á enerxía fotovoltaica e ao feito de se os borradores e orde definitiva eran tecnoloxicamente neutros ou non.

Na versión do 29 de decembro de 2016 desta proposta, no Anexo da mesma, e en concreto no apartado 1.1., contemplábanse os parámetros retributivos das instalacións tipo de referencia con autorización de explotación definitiva nos anos 2017, 2018, 2019 que serían de aplicación no semiperíodo regulatorio que se inicia o 1 de xaneiro de 2017.

De seguido, o Real Decreto 359/2017, de 31 de marzo, establecía a convocatoria e no artigo primeiro aproba a convocatoria para a asignación do réxime retributivo específico de ata un máximo de 3.000 MW de potencia instalada para instalacións en produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovábeis.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 10:59
Nº Rexistro: 9178
Data envío: 16/05/2017 10:59:44.692

Tamén se salientaba que se aprobará o mecanismo de asignación do réxime retributivo específico e fixaranse os parámetros retributivos das instalacións tipo de referencia aplicables á convocatoria, así como os demais aspectos establecidos para a correcta aplicación do réxime retributivo. Así mesmo, o artigo segundo regulaba as condicións esixidas para a participación na convocatoria para a asignación do réxime retributivo específico.

Posteriormente, completaron o proceso a orde ETU/315/2017, do 6 de abril referida á regulación do procedemento e as resolucións 4094 e 4095, do 10 de abril tocantes á convocatoria e procedemento, e ficou establecida a poxa para o 17 de maio de 2017. O resultado da mesma non será indiferente para a evolución das enerxías renovábeis no noso país e cómpre polo tanto unha avaliación do seu impacto.

Por todo iso fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto facer o goberno galego algún tipo de estudo sobre o impacto da poxa nas renovábeis do noso país?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 10:59
Nº Rexistro: 9178
Data envío: 16/05/2017 10:59:44.692

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 10:38:57

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 10:39:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 10:39:27

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 10:39:31

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 10:39:34

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 10:39:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:40
Nº Rexistro: 9187

Data envío: 16/05/2017 11:40:43.458

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Recentemente fíxose pública a visita programada da Guardia Real a varias localidades da provincia de Ourense para desenvolver diversas actividades e exhibicións.

O texto refundido de reestruturación da Casa Real define no seu artigo sexto as funcións da Guardia Real entre as que se sinala como cometidos esenciais a promoción do servizo de garda militar, a función de render honores e dar escolta solemne ao Rei de España e aos membros da súa familia que se determinen. Así mesmo, indícase que estará constituída por unha Xefatura e por unidades a pé, a cabalo e motorizada, así como polos servizos correspondentes. Tamén se recolle o seu carácter protagónico entre as forzas militares e que é o Ministerio de Defensa quen prestará os apoios de toda orde que precise a Garda Real nas súas funcións, e o de Interior no referido á Garda Civil. É, polo tanto, un ente dependente do goberno central do Estado.

Tamén recentemente foi coñecido o proxecto de orzamentos estatais que veñen a supoñer un novo agravio contra o noso país. Alén de asistirmos á previsíbel perda de 442 millóns de euros en investimentos, os galegos e galegas puidemos observar como as prioridades do PP non son o emprego ou a sanidade, por exemplo, senón outras áreas como o gasto militar ou o gasto na Casa Real. Estas partidas aumentan as contías



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:40
Nº Rexistro: 9187
Data envío: 16/05/2017 11:40:43.458

consignadas chegando no caso do orzamento de defensa a aumentar até nun 32% respecto de 2016 ao figurar desde o inicio o gasto real. Tamén puidemos comprobar como unha parte importante do investimento dos organismos administrativos do Estado corresponden a programas de armamento.

Para alén de non compartir os valores belicistas, militares, monárquicos e centralistas que simboliza a Guardia Real nin a súa exaltación, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que non é de recibo empregar diñeiro público na súa promoción, que non deba ser unha prioridade para ningunha institución, en lugar de destinalo ás moitas necesidades que ten a poboación galega, e máis concretamente a ourensá ao ser das máis castigadas canto a desemprego e perda de poboación. Todo isto, ademais, nun contexto no que se ben aumenta a recadación de diñeiro por parte do Estado mediante impostos, diminúe o investimento en Galiza e en materia social.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego do uso directo e indirecto de recursos públicos para a exaltación de valores militares, centralistas e monárquicos na provincia máis castigada a nivel socioeconómico do noso país?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:40
Nº Rexistro: 9187
Data envío: 16/05/2017 11:40:43.458

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 11:38:48

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 11:38:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 11:38:58

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 11:39:01

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 11:39:03

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 11:39:06



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 16/05/2017 11:52

Nº Rexistro: 9193

Data envío: 16/05/2017 11:52:57.999

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás denuncias de persoas usuarias do programa para a elaboración da declaración da renda 2016 de dificultades para facer os trámites en lingua galega

Lamentabelmente, un ano máis e malia o cambio no tipo de programa, a tempada de elaboración da declaración da renda trae consigo novos episodios de discriminación lingüística para as persoas que desexen facer este trámite administrativo e obrigatorio na lingua do país.

Cómpre lembrar que xa en anos anteriores foi coñecida e debatida esta problemática e que en episodios anteriores a propia Mesa pola Normalización Lingüística denunciou a dificultade para cumprir en galego con esta obriga tributaria. Os anos de vixencia do programa PADRE ofrecido pola Axencia Tributaria do Estado na súa páxina web veu acompañada da ausencia da opción de escolla da lingua galega algo que supuña unha clara discriminación e que obedecía a unha teimosía actuación obstaculizadora por parte do goberno central, vulnerando un dereito elemental.

Diversas denuncias públicas de usuarios e usuarias indicaron nestas semanas novos problemas co novo mecanismo da Axencia Tributaria para a elaboración en lingua galega deste trámite, con continuos erros informáticos. Isto podería tratarse dunha cuestión puntual, pero diversas persoas denuncian como á hora de notificar á



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:52
Nº Rexistro: 9193
Data envío: 16/05/2017 11:52:57.999

incidencia foran esixidas probas da mesma alén da propia explicación escrita ou verbal ou que a resposta por parte da AEAT foi a de que se presentaran en castelán. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que está a haber unha actitude de desleixo que non é de recibo e que non contribúe de forma positiva á necesaria posta en valor da lingua galega como vehicular dos trámites económicos e administrativos en igualdade co castelán.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o uso normalizado da lingua galega na declaración da renda para o 2016 e futuros anos?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:52
Nº Rexistro: 9193
Data envío: 16/05/2017 11:52:57.999

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 11:47:20

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 11:47:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 11:47:33

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 11:47:37

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 11:47:38

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 11:47:41

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de Regulación de Explotacións dos Recursos Específicos. Esta mesma orde contempla a dificultade de acceso ao percebe con mal tempo, citando expresamente “*A situación se complica en caso de mal tempo, pola dificultade de empregar a embarcación, de maneira que o acceso das persoas tripulantes ás zonas de traballo pode ser por terra, permanecendo a embarcación no porto*” (páx. 2231 DOG xoves 21 de xaneiro de 2016).

No referido ao capítulo V, referido aos plans de xestión, na súa sección 3ª de disposicións específicas, o artigo 64 dedícase especificamente aos plans de xestión do percebe. No punto 3 deste artigo menciónase: “*Cando nun mesmo plan de traballo se contemplen zonas de traballo a pé e dende a embarcación que non estean separadas para ambos colectivos, as persoas tripulantes so poderán acceder ao recurso por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación. Neste suposto, todas as persoas tripulantes dunha embarcación accederán da mesma maneira ao recurso*”

A delimitación do mal tempo posúe distintos indicadores posibles, e distintos equipos e medios técnicos para avalialo. Non entanto, a Lei 14/2014, do 24 de xullo de navegación marítima indica no propio Preámbulo, no apartado V que: “*queda garantizada la libertad del capitán para tomar decisiones autónomas en materia de seguridad y medio ambiente*”. Estas atribucións desenvólvense de maneira máis exhaustivas no título III, dos suxeitos da navegación, capítulo III sección 2ª específica sobre o capitán. A Dirección General de la Marina Mercante, a través da Subdirección General de Seguridade, refrendou este amparo legal na súa resolución emitida a preguntas de traballadores do sector a través da Capitanía Marítima de Vigo, o 3 de marzo de 2017.

Este marco legal define o proceso polo que as embarcacións que se dedican á extracción do percebe teñen a oportunidade ou non de saír a traballar, e define o procedemento de toma de decisións e as súas consecuencias no caso dos lugares con plans de explotacións conxuntos. As realidades do mar, e as complicacións específicas na extracción do percebe, evidencian a necesidade de tomar estas decisións tendo en conta estas cuestións concretas que poden, nalgunha situación, non supoñer perigo para a navegación xeral, para o traballo de extracción doutros produtos, pero si para a extracción do percebe no que a perigosidade é elevada.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que opinión lle merece ao Goberno galego a consecuencia sobre os accesos á explotación do percebe creada por este marco legal sobre a determinación das condicións de mal tempo?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/05/2017 11:41:44

María Dolores Toja Suárez na data 16/05/2017 11:41:49

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dende que o pazo de Meirás foi declarado BIC en 2008, a familia Franco non fixo outra cousa que por impedimentos para cumprir a obriga legal de permitir a visita pública gratuíta, cando menos catro días ao mes, tal como marca a Lei de patrimonio cultural de Galicia.

A verdade é que nunca houbo normalidade nestas visitas, chegando incluso a Consellería de Cultura a pagar, durante un tempo, con cartos públicos á empresa de seguridade que os Franco esixiron para abrir o pazo.

Fai poucos meses denunciámos que de novo a familia Franco estaba utilizando todo tipo de artimañas para impedir a entrada dos visitantes, está vez publicitando un número de teléfono falso. Ante as nosas denuncias da situación, a nosa petición de visita da Comisión de Cultura do Parlamento de Galicia a Meirás, e as noticias aparecidas na prensa, os Franco volveron a permitir visitas, aínda que atopar a maneira de poñerse en contacto con eles para concertar unha visita é moi dificultoso.

Segundo distintas manifestacións do Goberno nos medios públicos, a Xunta abriu un expediente informativo para analizar estes feitos pero nada sabemos del.

O que si sabemos é que en agosto a familia Franco vai querer pechar o pazo de novo como todos os anos e impedir as visitas. Durante todos estes anos a Xunta de Galicia lles permitiu este privilexio e que incumprir a lei non tivera ningunha consecuencia.

Cremos que a Xunta de Galicia ten que velar polo cumprimento da lei e, neste caso, facer cumprir as súas obrigas á familia Franco e abrir o

 Grupo Parlamentario

Pazo de Meirás durante todo o ano, incluíndo agosto, cando menos catro día ao mes. Ademais é o verán o momento de maior afluencia turística no concello de Sada que se ve moi prexudicado economicamente cando a Xunta decide permitir aos Franco saltarse a lei e pechar Meirás en agosto.

Cremos que a Xunta de Galicia ten que facer cumprir a lei a calquera cidadán e que non poden permitirse actitudes da Consellería de Cultura que semellan un trato de favor á familia Franco.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Pensa permitir a Xunta de Galicia que a familia Franco impida as visitas ao pazo de Meirás en agosto tal como fixo en anos anteriores?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2017 12:29:28

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/05/2017 12:29:36



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9238
Data envío: 16/05/2017 16:32:51.120

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as condicións para o acceso ás axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do **SUG**

A Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de Axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do **SUG**, nos organismos públicos de investigación de Galicia e outras entidades do Sistema de I +D+ i galego (DOG do 27 de abril de 2017) recolle:

Que a finalidade do programa de axudas é:

“incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitando a reincorporación nos axentes que conforman o sistema para, con posterioridade, continuar coa súa traxectoria investigadora na institución a que retorna.”



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9238
Data envío: 16/05/2017 16:32:51.120

No seu ANEXO I. Modalidade A: Artigo 1. Sinala como obxecto da axuda: “ampliar a formación do persoal investigador no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato de dous anos de duración para a realización de estadías no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.”

non establecendo ningunha referencia á idade dos solicitantes ou ao período de tempo transcorrido entre a finalización de calquera nivel formativo e a obtención do título de doutor.

No seu Artigo 2. Requisitos, no seu apartado b) especifícase:

“Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2006”

Esta cláusula restritiva como sinalan as persoas atinxidas sitúase na Orde deste ano por primeira vez, non estando presente en ningunha das convocatorias anteriores.

Alén do máis, nas convocatorias homólogas do Plan Estatal, isto é, as axudas *Juan de la Cierva- Formación* e *Juan de la Cierva-Incorporación*, nos seus artigos 42 e 72 da Resolución de 21 de novembro de 2016, da *Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación*, só indican, sendo este un requisito para a solicitude da axuda: **a data de obtención do grao de doutor**. Pola contra, ningunha referencia é feita sobre a data de obtención de títulos universitarios ou doutos rangos de ensino previos a este.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 16/05/2017 16:32

Nº Rexistro: 9238

Data envío: 16/05/2017 16:32:51.120

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai mudar as criterios a Xunta de Galiza como reclaman a través dun recurso de reposición numerosas persoas investigadoras?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 16:28:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9238
Data envío: 16/05/2017 16:32:51.120

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 16:29:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 16:30:35

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 16:30:40

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 16:30:46

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 16:30:48

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución.

A adxudicación da obra realizouse á UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros, e cun descenso de investimento sobre o importe de licitación de 16.845.550 euros, un 28,5 % menos.

Segundo consta no proxecto da obra e tal e como se reflicten na referencia do Consello da Xunta de Galicia dese mesmo día, “a obra consiste na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades das cales 9 son polivalentes médico - cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras.

En total ten unha capacidade máxima de aproximadamente de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Doutra banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, sala mortuoria e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro articúlase en 3 andares con aproximadamente 700 prazas. A

Grupo Parlamentario

superficie útil é de 47.864 metros cadrados e a súa superficie construída de 53.941 metros cadrados”.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que data estará en funcionamento a ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cuxas obras comezaron no ano 2014?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2017 16:37:22

Raúl Fernández Fernández na data 16/05/2017 16:37:28

Julio Torrado Quintela na data 16/05/2017 16:37:32

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No PXOM do ano 2003 da cidade de Ourense clasifícase o ámbito AR43-O para equipamento público para expropiar os terreos, que aínda que debía non se cedeu ao Concello nos anos 70 como traseiras polas licencias de edificacións á Rúa Remedios.

O último goberno socialista no Concello de Ourense executou o previsto no PXOM do ano 2003 e procedeu a expropiar, segregando a parcela: cedendo á Consellería de Presidencia 4.000 metros cadrados para a construción do edificio xudicial, e ao Sergas outros 4.000 metros cadrados para a construción do centro de saúde do Couto.

O proxecto de reurbanización do entorno da AR43-O quedou rematado en febreiro de 2015 con todos os informes e pendente exclusivamente do informe de Confederación Hidrográfica, con partida orzamentaria asignada en 2015, que non chegou a executarse.

A instalación sanitaria, cuxas obras recibiu o Sergas en xuño de 2016, non poden abrir debido a que está pendente de executarse as obras de urbanización da contorna, e que son imprescindibles para que poida contar coa correspondente licenza de ocupación

E aínda que por parte do Sergas se tentou proceder á apertura do centro no mes de setembro do ano 2016, tivo que dar marcha atrás ante a advertencia do goberno municipal de que non contaría coa licenza de ocupación, polo que a súa situación sería ilegal. Recentemente o TSXG ratificou que o centro de saúde de O Couto soamente poderá abrirse ao urbanizarse.

Neste escenario, os veciños e veciñas do barrio do Couto terán que esperar a que avancen esas obras de humanización, que aínda non se iniciaron á espera da dotación orzamentaria necesaria para facerlle fronte a esta actuación.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a xestión da apertura do centro de saúde do Couto?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2017 16:39:48

Raúl Fernández Fernández na data 16/05/2017 16:39:53

Julio Torrado Quintela na data 16/05/2017 16:39:59

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, elabora cada ano unha lista dos maiores incendios, nas que por desgraza Galicia sempre ocupa unha posición destacada. En total no ano 2016 foron arredor de 21.112 hectáreas as que arderon na nosa comunidade, practicamente un 78 % máis ca no ano 2015.

O comportamento dos lumes neste 2017 con máis de 2.540 hectáreas (Coruña 923 ha, Ourense 865 ha, Lugo 721 ha.; cun incendio de grandes dimensións como o de Narón con 444 ha) arrasadas polo lume ata mediados do mes de abril apartase do comportamento habitual en canto a superficie afectada, aínda que a existencia de lumes no inverno non é nada novo xa que se utilizaron tradicionalmente para provocar pastos e pasteiros na primavera para a gandería extensiva nos nosos montes, nomeadamente.

O novedoso deste ano é a gran superficie afectada e os lugares onde se produciron que a parte dos habituais para esta tempada do ano hai que engadirlle outros ámbitos totalmente alleos a esta práctica como as zoas afectadas de ferrolterra ou zoas boscosas na alta montaña lucense como foi a superficie arrasada no Courel ás portas da devesa de Rogeira ou nas paisaxes protexidas e boscosas da Ribeira Sacra.

Ben é certo que un inverno seco, temperaturas altas ao inicio da primavera e baixa humidade ambiental axudan a explicar esta vaga de incendios fóra de tempada, pero non é menos certo que todos eles son incendios que foron presuntamente provocados.

Os medios que anuncia a Xunta de Galicia para previr e loitar contra esta lacra, ou son escasos ou teñen pouca efectividade, ou as dúas cousas á vez por falta de coordinación ou planificación. Así, o persoal segue reclamando estabilidade



Grupo Parlamentario

laboral, un mando único, a preponderancia do público sobre as empresas privadas do sector, e unha adaptación á "desestacionalización" do lume, tendo en conta que os outonos e invernos con poucas precipitacións viñeron traendo consigo incendios de relevancia fóra da habitual tempada de risco.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas puxo en marcha o Goberno galego durante este pasado período estacional para previr e combater o lume?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/05/2017 16:48:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/05/2017 16:48:38

Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2017 16:48:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/05/2017 16:49:47

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Asociación de afectados por intervencións de cirurxía refractiva(ASACIR), fai tempo que vén denunciando as secuelas de ditas operación xunto coa publicidade enganosa que se fai da mesma, ofrecendo obxectivos que non se poden garantir e trivializando con este tipo de operacións, sen informar claramente dos riscos máis habituais.

A necesidade dunha publicidade clara xunto cunha información adecuada é algo esencial que vai máis alá do cumprimento da lexislación vixente, xa que moitos dos riscos que teñen lugar despois da operación, en algúns casos, supoñen para os doentes un empeoramento moi agudo nas súas condicións de vida.

Dentro deses riscos atopamos algúns como: o síndrome do ollo seco, síntomas visuais como halos, reflexos, visión dobre ou perda de visión así como a necesidade de seguir utilizando lentes pese ao que se anuncia.

En relación á publicidade que as clínicas ofrecen para as operacións de cirurxía refractiva, dende ASACIR foron presentadas reclamacións no *Instituto Galego de Consumo*, na *Agencia Catalana de Consum* e na *Agencia Española de Consumo, Seguridad Alimentaria y Nutrición*, tanto de xeito individualizado por membros da asociación como pola asociación como persona xurídica, contra 27 clínicas por vulneración da normativa estatal e autonómica sobre publicidade sanitaria.



Todas as denuncias acompañadas de documentación tanto en soporte escrito como audiovisual sobre a publicidade denunciada. Pero con todo, o único organismo de consumo que levou a cabo sancións foi a *Agencia Catalana de Cosum*.

Actualmente, moitas das persoas afectadas por estas prácticas están a espera de resposta de organismos como o Instituto Galego de Consumo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que información ten a Xunta de Galicia sobre as denuncias presentadas na Comunidade Autónoma en relación ás secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa da mesma?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 16/05/2017 16:56:19

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A entrada do novo ano trouxo entre outras moitas cousas a confirmación dunha nova praga en forma de couza guatemalteca que ameaza a unha planta que sen ser orixinaria da península acabou collendo carta de natureza no país e o seu froito transcendeu do anecdótico para pasar a formar parte da gastronomía galega, librando da fame a xeracións.

Todos vivimos non sen certo dramatismo o suceso da presenza da devandita couza, para a continuación escoitar por parte da Xunta que as zonas contaminadas foran declaradas como zonas infestadas onde non se pode cultivar a pataca e onde se está sementada hai que arrancalas.

Dentro deste contexto o martes día 2 de maio comezaba a “campana de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*)”, a cal empezou nos concellos coruñeses de Cabanas e Ares, así como nos lucenses de Riotorto e A Pontenova.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cal é o protocolo de actuación que se leva a cabo na recollida da pataca afectada pola Couza Guatemalteca (*Tecia Solanivora*)?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/05/2017 17:02:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/05/2017 17:02:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En agosto de 2010, o Goberno galego anunciaba “aos catro ventos” un investimento de 15,3 millóns de euros en mellorar a captación de auga no río Ulla e cubrir o abastecemento nas comarcas do Sar, Barbanza e Ullán. O obxectivo destas actuacións, incluídas no chamado “Plan Auga”, era garantir o subministro de auga en calidade e cantidade axeitadas a todos os núcleos de poboación fixa superior a 50 habitantes antes de 2025, atendendo a un uso racional e sostible. Pero cando o Sr. Feijóo chegou ao goberno, anuláronse proxectos de saneamento de finais do goberno anterior, incluso para as poboacións nas que unha boa parte das tubaxes de subministro de auga eran e seguen a ser de fibrocemento, tanto as de distribución como as xerais, como no caso de Padrón.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que se ten feito dende 2010 ata hoxe do anuncio de investimento de 15,3 millóns de euros para a mellora da captación de auga no río Ulla que conleva o abastecemento a tres comarcas do entorno?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/05/2017 17:10:08

María Dolores Toja Suárez na data 16/05/2017 17:10:15



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 16/05/2017 17:10:19

María Luisa Pierres López na data 16/05/2017 17:10:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos pneumáticos da Laracha en Cerámicas Campo.

Estímase que na parroquia de Lendo, no concello da Laracha, atópanse depositados arredor de 35.000 toneladas de pneumáticos, tratándose do depósito de pneumáticos máis grande de toda Galiza. A súa xestión e tratamento ten que ser un obxectivo prioritario. Recentemente, en abril, acaba de comezar a eliminación dos pneumáticos do vertedoiro e nese sentido é preciso coñecer todos os detalles a respecto da licitación do contrato de xestión e tratamento dos mesmos.

Estes pneumáticos levan acumulados nunha parcela propiedade de Cerámicas Campo dende os anos 90. En aras da transparencia é preciso coñecer tamén o papel que desempeñan os propietarios da parcela no proceso de eliminación dos pneumáticos e o seu tratamento.

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Baixo que condicións, contrato, proxecto de xestión...foi concedido o permiso e case a exclusiva de almacenaxe e tratamento de pneumáticos á empresa Campos?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/05/2017 10:26:21

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2017 10:26:27

Ana Pontón Mondelo na data 18/05/2017 10:26:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2017 10:26:30

Noa Presas Bergantiños na data 18/05/2017 10:26:31

Xosé Luis Bará Torres na data 18/05/2017 10:26:33



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos pneumáticos da Laracha en Cerámicas Campo.

Estímase que na parroquia de Lendo, no concello da Laracha, atópanse depositados arredor de 35.000 toneladas de pneumáticos, tratándose do depósito de pneumáticos máis grande de toda Galiza. A súa xestión e tratamento ten que ser un obxectivo prioritario. Recentemente, en abril, acaba de comezar a eliminación dos pneumáticos do vertedoiro e nese sentido é preciso coñecer todos os detalles a respecto da licitación do contrato de xestión e tratamento dos mesmos.

Estes pneumáticos levan acumulados nunha parcela propiedade de Cerámicas Campo dende os anos 90. En aras da transparencia é preciso coñecer tamén o papel que desempeñan os propietarios da parcela no proceso de eliminación dos pneumáticos e o seu tratamento.

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recibiu a Xunta de Galiza algunha compensación por parte dos propietarios da parcela pola retirada actual dos pneumáticos?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/05/2017 10:24:58

Noa Presas Bergantiños na data 18/05/2017 10:25:04

Ana Pontón Mondelo na data 18/05/2017 10:25:08

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2017 10:25:12



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 18/05/2017 10:26

Nº Rexistro: 9275

Data envío: 18/05/2017 10:26:53.181

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2017 10:25:15

Xosé Luis Bará Torres na data 18/05/2017 10:25:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9298
Data envío: 18/05/2017 18:08:42.412

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a adoptar para mellorar o sistema público de pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central que utilizan os "comités de sabios", sempre formados por representantes da banca e as aseguradoras, é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9298
Data envío: 18/05/2017 18:08:42.412

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iver, da auga, da luz, dos carburantes...

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do limiar da pobreza.

Mentres lle teñen metido aos bancos miles de millóns de euros e teñen declarado amnistías fiscais para @s defraudador@s, actúan coa maior das durezas, das crueldades contra @s que cometeron o único delito de traballar duramente toda unha vida.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos a derrocar da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9298
Data envío: 18/05/2017 18:08:42.412

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais.

Polo que respecta ao sistema público de pensións, atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

O capital, o poder económico, aproveita o vento a favor e a escusa da crise para eliminar dereitos e melloras nas condicións laborais e sociais, incrementar os seus beneficios e o seu poder e debilitar á clase traballadora.

Por todas as razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da situación das pensións en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:08
Nº Rexistro: 9298
Data envío: 18/05/2017 18:08:42.412

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2017 18:06:11

Noa Presas Bergantiños na data 18/05/2017 18:06:16

Ana Pontón Mondelo na data 18/05/2017 18:06:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/05/2017 18:06:21

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2017 18:06:23

Xosé Luis Bará Torres na data 18/05/2017 18:06:24

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en pleno.

Xustificación da urxencia: a urxencia vén motivada polo impacto global do ciberataque e a súa posible incidencia nos servizos públicos autonómicos.

O venres 12 de maio actual multitude de equipos, sistemas e redes informáticas de todo o mundo foron infectadas por un virus informático mediante a propagación do *ransomware* denominado *WannaCry*, atacando a gran cantidade de corporacións, empresas e institucións ao aproveitar unha vulnerabilidade de *Microsoft*.

O Instituto Nacional de Ciberseguridade (Incibe), sociedade dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, vén de dar datos, parciais, limitándose o Goberno a sinalar que España ocupa a posición 16 do ranquin dos 179 países afectados por este importante ciberataque mundial. Segundo Europol, este virus foi capaz de infectar en 48 horas máis de 200.000 dispositivos en 150 países, considerándoo así un ataque sen precedentes.

En España importantes teleoperadoras, *call-centers*, empresas e corporacións víronse afectadas, suspendendo algunha delas a súa operativa. En Galicia tamén se viron afectadas entidades destas características.

Ninguén está libre de sufrir estes cibertiques; as ferramentas e as medidas preventivas non evolucionan á mesma velocidade que as interconexións. A diferenza está nas capacidades para dar resposta antes as fendas ou fisuras das redes e sistemas.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Cal foi o impacto no ámbito da Xunta de Galicia do ciberataque ocorrido a nivel mundial o 12 de maio actual mediante a propagación do *ransomware* denominado *WannaCry*?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/05/2017 10:54:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/05/2017 10:54:32

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/05/2017 10:54:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/05/2017 10:54:48





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 422**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e dona Patricia Vilán Lorenzo sobre **"as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra, a dispoñibilidade dun plan director e dun plan funcional para este proxecto, así como os modelos de financiamento e de xestión previstos e a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2016"**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O conselleiro de Sanidade na comparecencia de orzamentos informou da dotación de 1 millón de euros no ano 2017 para a realización do Plan Funcional, o Plan Sectorial e o anteproxecto de obra do Gran Montecelo.

Neste momento está adxudicada á licitación para a realización do Plan Funcional."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2493**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas, así como sobre o número de centros que escolleron a materia de igualdade de xénero no presente curso e de alumnos e alumnas que a están cursando”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 9.02.2017- ao darlle resposta á pregunta 2704 sobre similar tema. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 420**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O conselleiro de Sanidade na comparecencia de orzamentos informou da dotación de 1 millón de euros no ano 2017 para a realización do Plan Funcional, o Plan Sectorial e o anteproxecto de obra do Gran Montecelo.

Neste momento está adxudicada á licitación para a realización do Plan Funcional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 917**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e os programas específicos que vai desenvolver o Goberno galego para previr a violencia de xénero entre a mocidade”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandada esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 27.12.2016- polo presidente da Xunta e o polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao darlle resposta á diversas iniciativas sobre o tema, concretamente ás número 1876, 2380, 1735 e 2384. Remitímonos ao alí exposto .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 916**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e os programas específicos previstos polo Goberno galego para previr a violencia de xénero, en particular entre a mocidade, así como a dispoñibilidade dalgún plan para visibilizar e sensibilizar o conxunto da sociedade ao respecto”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandada esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 27.12.2016- polo presidente da Xunta e o polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao darlle resposta á diversas iniciativas sobre o tema, concretamente ás número 1876, 2380, 1735 e 2384. Remitímonos ao alí exposto .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 757**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandada esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 7.03.2017- polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao darlle resposta a comparecencia 1133. Remitímonos ao alí exposto .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4687**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os informes da Xunta de Galicia en relación co número real de galegos residentes no Reino Unido, as medidas previstas para coñecer a súa situación administrativa nese país e as actuacións que vai levar a cabo para mitigar as consecuencias da negociación do Brexit para eles, así como a defensa despois del do mantemento dos seus dereitos laborais”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Admistracóns Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está plenamente comprometida coa defensa dos dereitos dos galegos e galegas que residen no Reino Unido e permanece atenta ás implicacións e consecuencias que para estas persoas poida ter o abandono da Unión Europea por parte deste país.

Neste marco, o Goberno galego está a liderar un grupo de traballo na Comisión do Arco Atlántico e tamén contribúe ao debate xerado no Comité Europeo das Rexións.

Ademais, e como consecuencia do acordo acadado no Pleno do Parlamento de Galicia o pasado 22 de febreiro de 2017, a Xunta elaborará, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia e do Consello Económico e Social, un informe sobre os posibles impactos do ‘Brexit’ na economía galega e nos seus sectores produtivos. Darase conta ao Parlamento do desenvolvemento deste informe antes de que remate o ano 2017.

En calquera caso, hai que ter en conta que estamos ante unha situación totalmente nova, que afecta ao conxunto da Unión Europea e á súa cidadanía. Así, a resolución de moitas

cuestións fundamentais vai depender da realización de convenios bilaterais entre o Reino Unido e España ou coa Unión Europea no seu conxunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA
03 ABR. 2017
Núm. 7485

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4716**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da decisión do Goberno portugués de promover un macropolígono industrial entre Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira para captar máis empresas relacionadas co sector do automóbil, as medidas impulsadas para evitar a súa crecente deslocalización cara Portugal e as previstas para facer competitivo o chan industrial de Galicia”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 6.04.2017- polo director xeral do IGAPE ao darlle resposta á pregunta 4714 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?
timecode=00:54:27&idvid=C3272203&duration=00:21:16&wmv=0000009875P-002-
100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:54:27&idvid=C3272203&duration=00:21:16&wmv=0000009875P-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 13:46
Nº Rexistro: 7920
Data envío: 11/04/2017 13:46:20.549



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2017 13:46:16



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5176**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodíl Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o inicio e estado de tramitación do expediente para a declaración da ponte de Pontevea como ben de interese cultural ou, se é o caso, as previsións da Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A declaración de BIC foi incoada segundo a resolución do 31 de xaneiro de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inicia expediente para declarar ben de interese cultural, coa categoría de monumento, a ponte de Ponte Vea sobre o río Ulla, entre os termos municipais da Estrada e Teo, publicada no DOG núm.36 do 21 de febreiro de 2017.

O período de información pública está aberto ata o día 22 de marzo. Unha vez rematado analizaranse as informacións e alegacións que correspondan antes da súa declaración definitiva, se ben cómpre lembrar que a protección de BIC será aplicada de forma provisional dende o momento da incoación e ata o 31 de xaneiro de 2019, que é tamén o prazo legal para resolver.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación coa restauración do mosteiro de Santa María a Real de Oia, a súa opinión en relación co seu carácter estratéxico na promoción do Camiño de Santiago portugués pola costa e as xestións realizadas para favorecer a súa recuperación patrimonial”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A problemática en termos de conservación da parte do mosteiro de Oia que non é o templo ou igrexa non se limita á última década, na que o ben puido cambiar de titularidade, se non aos momentos do seu abandono no século XIX e a usos e intervencións que con carácter xa histórico non estiveron ligadas á súa conservación nin rehabilitación. Na actualidade o templo está nun bo estado de conservación, no que se ten investido en varias fases desde a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e un estado de ruína dos edificios claustrais, unha ruína xa histórica.

A importancia do Mosteiro de Oia está nos seus propios valores culturais e no seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico e etnolóxico. A circunstancia de que poida estar ligado a un trazado dun camiño portugués pola costa pendente aínda dunha delimitación oficial é simplemente un complemento do seu interese para a xestión ou usos futuros, pero non é obviamente o seu valor determinante coma monumento. A súa fundación no século XII xa constituíu de por si un elemento esencial na concreción do territorio, dos seus usos e poboacións, e foi o aloxamento da orde do cister na rexión.

Foi declarada monumento o 3.06.1931, moito antes do recoñecemento en global dos camiños de Santiago (en 1962) e da variante dun camiño portugués pola Costa (2016).



Os propietarios dos edificios claustrais do convento teñen realizado un Plan Director do Monumento e unha serie de propostas de intervención que pretenden definir unha explotación rendible do conxunto segundo as súas propias expectativas en termos comerciais.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural non é a propietaria do monumento, se ben no marco das súas competencias ten informado aos promotores sobre as propostas achegadas e os documentos que eles elaboran, co fin de garantir a compatibilidade de tales expectativas coa conservación e protección dos valores que motivaron a súa protección, neste caso co máximo nivel.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, polos datos que ten, deberá intervir co Concello de Oia no momento en que este incorpore, no ámbito das súas competencias, as previsións urbanísticas para os terreos e edificacións que conforman o monumento.

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia indica que os documentos de carácter urbanístico serán sometidos ao informe en materia sectorial de patrimonio cultural despois da súa aprobación inicial, e polo tanto ata ese momento a entidade municipal é a que ten que estimar as propostas no marco das súas competencias en materia urbanística.

En calquera caso a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está en disposición de tratar este e calquera asunto en beneficio da conservación do Patrimonio Cultural no marco da mellor colaboración entre as administracións e respectando os ámbitos competencias de cada unha delas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5334** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a elección dunha canción de reggaeton para o baile do festival do Entroido do alumnado de 1º do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, no concello de Teo, e a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar as actividades con contido claramente machista nos centros de ensino de Galicia, así como a existencia dalgún protocolo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O día 20 de febreiro, a Subdirectora xeral de inspección, avaliación e calidade do sistema educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ponse en contacto ca inspección do centro (previo á celebración do entroido, o día 24 de febreiro) por este tema.

Este mesmo día, o inspector trasládase ao CEIP A Igrexa Calo para manter unha reunión ca dirección do centro, explicando a total inoportunidade do estilo e letra da canción escollida e o malestar de algunha nai, xa que ademais entendimos que atentaba contra a educación en valores que este Goberno quere transmitir, contra a igualdade de xénero e polo tanto non nos parecía axeitada.

Acordouse non utilizar a letra, pero sí a música unicamente para poder así aproveitar o traballo feito (como recoñeceu a nai denunciante) e era inviable preparar outra actividade días antes do festival.

O día 21 de febreiro, o propio inspector ponse en contacto coa nai denunciante para explicarlle a situación, a cal quedou satisfeita e agradecida polo labor feito desde a inspección educativa da zona de Santiago e área.

Finalmente o 24 de decembro, o festival de entroido levouse a cabo con total normalidade.

Polo tanto, a Xunta actuou correctamente, resolvendo a problemática acorde aos valores que considera imprescindibles para o sistema educativo de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 13:46
Nº Rexistro: 7922
Data envío: 11/04/2017 13:46:40.440

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2017 13:46:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5388** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do servizo de pediatría no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Baralla conta con 3 médicos de cabeceira, 2 enfermeiros e 2 persoas de servizos xerais.

Ten asociadas 2.640 tarxetas sanitarias correspondendo a:

- 44 nenos comprendidos de 0 a 4 anos.
- 114 nenos entre 5 e 14 anos.
- 2.482 maiores de 15 anos.

As demandas e controis do neno san son atendidas os luns e mércores no Centro de Saúde do Corgo, a 19 minutos (18,7 km) pola pediatra Maria Gracia Pérez Prado (pediatra de área). O resto dos días os nenos son atendidos no propio centro de Baralla polos médicos de cabeceira, que están totalmente capacitados pra realizar dita tarefa, e se este considera que debe ser visto por un pediatra a derivación faise inmediata (Becerrea, Láncara)

Neste intre, a pediatra está en situación de incapacidade temporal, pero está realizando as súas funcións nalgúns turnos un pediatra de prolongación de xornada e a maior parte restante un médico de familia, nos mesmos centros e en horario igual ao que fai a titular.

En momentos puntuais o protocolo de derivación en caso de ausencia do pediatra é o seguinte:

- Cando a pediatra asociada ao Centro de Saúde de Baralla estea ausente, son derivados ao Servizo de Pediatría de Fingoy que dista 30 minutos (33,4 km):

a) Os controis de neno san ata os 6 meses.

b) O resto das demandas de enfermidade, a petición do médico de cabeceira.

En canto á consideración de implantar o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Baralla informar que entra dentro das tarefas habituais desta Xerencia a revisión periódica da organización da asistencia sanitaria, pediátrica e adulta, valorándose a adecuación dos servizos ás necesidades da poboación, garantindo o mantemento da equidade e accesibilidade como mostra da calidade de atención aos usuarios, e se fose preciso a reorganización das tarefas asistenciais cando procede.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 13:46
Nº Rexistro: 7921
Data envío: 11/04/2017 13:46:30.330

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2017 13:46:25

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5479**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a licitación dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O contrato de limpeza vixente asinouse o 31 de outubro de 2014 e remata a súa vixencia o 30 de abril de 2017. En xaneiro iniciouse o procedemento para a súa renovación mediante unha nova licitación, que reordena o contrato, racionaliza a prestación e amplía o número de edificios administrativos aos que se dá cobertura.

Con respecto á transparencia do proceso, é preciso lembrar que a Xunta atende todas as peticións de acceso a información pública que recibe dentro do marco xurídico vixente. Así, facilitou en todo momento acceso á información dos acordos subscritos entre a Xunta de Galicia e a empresa mencionada. Ademais, e en cumprimento da Lei, publicou na páxina web a valoración das ofertas presentadas á nova licitación. A única información á que non se deu acceso foi aquela designada como confidencial polos contratistas, tal e como establece a normativa, que é moi clara neste sentido.

Cómpre destacar tamén que no anuncio da licitación incluíronse unha serie de correos electrónicos da administración co fin de que as empresas interesadas consultasen as súas dúbidas. Todas as consultas formuladas polas empresas foron contestadas e publicadas no perfil do contratante. Ningunha delas manifestou, en ningún caso, non contar con información certa.

No que se refire ás garantías laborais, nos pregos da nova licitación en marcha establécense cláusulas específicas para garantir os dereitos dos traballadores e asegurar as boas prácticas no eido laboral: entre outras, recóllese unha relación detallada de todo o persoal das diferentes empresas que prestan o servizo na actualidade, e establécese expresamente a obriga dos futuros adxudicatarios de retribuír axeitadamente ao persoal.

Tanto o contrato actual, como o que resulte da nova licitación, estarán sometidos a un rigoroso control, como é habitual na Administración autonómica. Actualmente, estase a exercer un seguimento exhaustivo e continuo da prestación do servizo de limpeza, que se rexe polos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, cuxas prescricións son de obrigado cumprimento.

Por último, cómpre indicar, que o único recurso presentado contra os pregos da nova licitación, pola non división en lotes, desestimouse mediante resolución do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais nº 239/2017, do 3 de marzo.

Non obstante, realizarase unha auditoría, allea ao responsable da execución do contrato, que se encargue de estudar os pregos na súa integridade e estarase, por suposto, ao que dela resulte.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 13:33
Nº Rexistro: 7776
Data envío: 07/04/2017 13:33:25.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2017 13:33:11




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6032**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da dotación dun orzamento concreto e diferenciado en cada curso escolar para o desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o cumprimento dos seus obxectivos nas medidas formuladas en relación coa elaboración de materiais, asesoramento e orientación, así como a súa valoración referida ao desenvolvemento do seu contido no tocante á formación do profesorado”**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 9.02.2017- ao darlle resposta á pregunta 2704 sobre o mesmo tema. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 13:46
Nº Rexistro: 7919

Data envío: 11/04/2017 13:46:06.158

Data 11/04/2017 13:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6631**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os impedimentos existentes e o prazo fixado polo Goberno galego para a posta en servizo do último tramo da vía Ártabra que dá acceso ao porto de Lorbé, así como as súas previsións respecto da realización das obras necesarias para lles posibilitar aos veciños o acceso a pé aos diversos puntos da súa localidade sen teren que cruzar o novo vial”**, (publicada no BOPG número 87 do 22 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en resposta á pregunta oral en Comisión número 6630, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de abril de 2017, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 25d3f897-7c14-2879-28d7-cf5ceb1d23d3

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 13:46
Nº Rexistro: 7919
Data envío: 11/04/2017 13:46:06.158

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2017 13:45:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6845**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran”**, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 4.04.2017 polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria ao darlle resposta á pregunta 7100 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?
timecode=03:40:29&idvid=C3271232&duration=00:12:31&wmv=0000009872M-002-
100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:40:29&idvid=C3271232&duration=00:12:31&wmv=0000009872M-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 12:57
Nº Rexistro: 7916
Data envío: 11/04/2017 12:57:33.558

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2017 12:57:14



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727